

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 26 de decembro de 2006**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. Carlos Comesaña Abalde  
D. Antonio Coello Bufill  
D. José Manuel Couto Pérez  
D<sup>a</sup>. Marta Iglesias Bueno

**NON ASISTE:**

D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e quince minutos do día vinte e seis de decembro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, por ausencia do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e o titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1798).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase as actas das sesións ordinarias do 30 de outubro e 6 de novembro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

**2(1799).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 23/2006 INTERPOSTO POR D. CIPRIANO FERNANDEZ CARDERO VALIENTE CONTRA RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS (EXPTE. 16388/240) ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 21.09.06, dictad polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por Cipriano F. Cardero Valiente seguido como P.A. 23/06 ante este Xulgado, fronte ó Concello de Vigo contra a desestimación municipal da súa reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial, con condena ó Concello de Vigo a aboarlle a cantidade de 6.116,45 €, á que serán de aplicación os xuros legais dende a data da reclamación formulada pola demandante ante a Administración municipal en data 11.06.03, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

**3(1800).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 268/2006 INTERPOSTO POR D. MANUEL GONZALEZ GONZÁLEZ CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO (EXPTE. 10501118427). ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 1.09.06, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo a demanda formulada polo letrado Jesús Manuel Fernández Fernández, en nome e representaicón de Manuel González González, contra a resolución de 27 de febreiro de 2006, dictada polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, por delegación da Alcaldesa, pola que se desestimou o recurso de reposición contra a sanción de 92 euros imposta por un estacionamento en zona de carga e descarga, cometida o día 26 de xullo de 2005, á altura do número 14 da Rúa Gregorio Espino e a pedimento de reintegro dos 110 euros aboados en concepto da taxa pola retirada do vehículo, anulando a mesma e condenando ó Concello demandado a reintegrar ó actor a cantidade de 110 euros, cos xuros legais dende a data do seu aboamento, sen facer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Mobilidade e Seguridade para que coñeza e execute o resolto.

**4(1801).- SENTENZA DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 9 DE VIGO NO R.C.A. Nº 314/06 INTERPOSTO POR Dª. MARÍA PAZO ROCHA EN RELACIÓN CON ACCIÓN REIVINDICATORIA POR PAVIMENTACIÓN DUNHA PARCELA DE TITULARIDADE PRIVADA SITA NO Nº 71 DA AVDA. FRAGOSO.ESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 5.10.06, dictada polo Xulgado de Primeira Instancia nº 9 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que estimando integramente as pretensións de María Pazo Rocha debo condenar e condeno ó Excelentísimo Concello de Vigo a realizar as obras necesarias para restituir o solar nº 71 da Avenida de Fragoso ó estado no que se atopaba antes do seu asfaltado; con expresa condena en custas da parte demandada.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ó Servizo de Vías e Obras.

**5(1802).- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES DA MODALIDADE EXCEPCIONAL E RECLAMACIÓN DAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR- CURSO 2006/07. EXPTE. 19131/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Programa de AMES, do 14.12.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Reclamacións

a) ESTIMAR as reclamacións das Axudas Municipais escolares –curso 2006/07- presentadas ata o día 7 de decembro de 2006, así como as súas cuantías de libros e de comedor (mes/solicitante) que se achegan no listado adxunto no expediente Anexo I-A que comeza por Alfonso García, Mª del Mar, no colexio Monte do Alba e remata por Veloso Iglesias, Rosario, no colexio Virxe do Rocío. Catro das reclamacións a pesar de ser estimadas, pasan a lista de espera por non obter a puntuación suficiente para a súa concesión (XGL 21 de agosto 2006 – apartado 2b).

As reclamacións das axudas de libros estimadas por importe de 828,00 € serán aboadas con cargo ao RC 200600016647.

As axudas de comedor terán efecto dende o 1 de outubro de 2006, existindo consignación presupostaria con cargo aos RC 200600016648 e RCFUT1 200600016649 para as axudas de comedor por importe de 433,00 €/mes ata maio de 2007.

b) DESESTIMAR as reclamacións presentadas que se achegan no listado adxunto no expediente (Anexo I-B) que comeza por Álvarez Miguelez, Rosa María e remata con Viñán Cuve, Ana Lucía, por seguir incumplindo algúns dos requisitos da cláusula sexta da convocatoria.

2º.- Modalidade excepcional

a) Aprobar as axudas escolares de libros así como as cantidades correspondentes á -Modalidade excepcional - (segundo a cláusula décimo terceira aprobadas pola XGL do 24 de abril do 2006) presentadas no Rexistro Xeral ata o 11 de decembro de 2006 que se achega no listado adxunto Anexo II-A, que consta no expediente, que escomeza polo alumno/a Elorfi Achrafei do colexio O Castro e remata por Carballa Arzu, Keyla Marcela do colexio Virxe do Rocío, sendo o importe total das mesmas 1680,00 € que se satisfarán con cargo ao RC 200600016647.

b) Aprobar aos solicitantes das axudas municipais de comedor -Modalidade excepcional- que pasan a formar parte da lista de espera xeral existente das axudas de comedor do curso 2006/07, que se relacionan no Anexo II-B, que consta no expediente, que escomeza co alumno/a Giménez Jiménez, Darama do Colexio Breogán con 34 puntos e remata con Romero, Valentina Mariana no colexio Pintor Laxeiro con 3,50 puntos (segundo a cláusula décimo terceira aprobadas pola XGL do 24 de abril do 2006).

**6(1803).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 23/1525.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos o informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformado pola delegada do Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D<sup>a</sup>. Celina Fernández Conde. Expte. 23/1525.

**7(1804).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR E O CONCELLO DE VIGO PARA A CONTRATACIÓN E POSTA EN FUNCIONAMENTO DUN EQUIPO DE INCLUSIÓN SOCIOLABORAL, NO MARCO DO II PLAN GALEGO DE INCLUSIÓN SOCIAL-ANO 2007. EXPTE. 18673/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.12.06, e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 11.12.06, conformado pola delegada de Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Prestar aprobación ó convenio de cooperación entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a contratación e posta en funcionamento dun equipo de inclusión sociolaboral para persoas residentes no termo municipal, para o ano 2007, no marco do II Plan Galego de Inclusión Social, cunha aportación autonómica de 164.000,00 euros, e unha aportación municipal de 25.000,00 euros, para gastos de persoal e coas estipulacións contidas no mesmo.

Se autoriza a D<sup>a</sup> Marta Iglesias Bueno, Delegada da Area de Participación Cidadá para a sinatura do devandito convenio.

**8(1805).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 23/926, 23/1518, 12/1663, 1/1552, 14/159.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformados pola delegada do Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:

- D<sup>a</sup>. Manuela Cal Bouzón. Expte. 23/926.
- D. Higinio Tosar Silva. Expte. 23/1518.
- D. Manuel González Pérez. Expte. 12/1663.
- D<sup>a</sup>. Isabel Doniz Iglesias. Expte. 1/1552.
- D<sup>a</sup>. María Sánchez Domínguez. Expte. 14/159.

**9(1806).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA XXI EDICIÓN DO PREMIO NOVELA LONGA “EDUARDO BLANCO AMOR”. EXPTE. 9977/331.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura do 1.12.06, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto de 360 € (TRESCENTOS SESENTA EUROS) con cargo á partida 4510.462.00.00 “Premio Eduardo Blanco Amor” do vixente presuposto municipal, a favor do Concello de Cedeira, organizador da XXV Edición do Premior de Novela Longa “Eduardo Blanco Amor”, en concepto de participación do Concello de Vigo na organización de dito premio.

**10(1807).- CONSOLIDACIÓN DO GRAO PERSOAL DO TRABALLADOR D. ENRIQUE PÉREZ REGO.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes do director técnico do IMD, do 27.11.06, do secretario da Xunta Rectora do IMD, do 13.12.06, e da xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

O recoñecemento e asignación do grao persoal ó traballador D. Enrique Pérez Rego, nº persoal 60203, oficial de instalacións con CD actual 15, ó CD nivel 18, que acadou durante o tempo que desenvolveu tarefas de administrativo, con efecto dende o 22 de agosto de 2006.

**11(1808).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 45.268,48 € A FAVOR DE SETGA S.L. POLOS TRABALLOS COMPLEMENTARIOS DAS OBRAS DE ALUMEADO DO CAMPO DE FÚTBOL E INSTALAIÓNS DO LAGARES-BALAÍDOS. EXPTE. 11771/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15.12.06, e de acordo co informe-proposta do coordinador de Área de Servizos Xerais, do 22.11.06, conformado polo concelleiro da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Recoñecer unha indemnización substitutoria por importe de 45.268,48 € a favor da empresa Setga S.L. polos traballos complementarios das obras de Iluminación do Campo de fútbol e instalacións do Lagares-Balaídos, con cargo á partida 4324.611.00.00.

2º.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre de conformidade co previsto nas bases de execución do presuposto.

**12(1809).- RENOVACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO, ANO 2007. EXPTE. 4055/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.12.06, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, do 18.12.06, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

Prorrogar por un ano máis (periodo do 01/01/07 a 31/12/07) o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Secretariado Gitano, asinado o 27/07/06 e aprobado en Xunta de Goberno Local de 15/05/06, asumindo a obriga de cofinancialo por un importe de 32.472,96 euros.

**13(1810).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POR FESTAS E A. SOCIOCULTURAL DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2006. EXPTE. 2057/335.**

En cumprimento coo establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para 2006, o concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais dá conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas e A. Sociocultural durante o mes de novembro de 2006, que son os seguintes:

EXPTE. 2040/335. CONTRATACIÓN MATERIAL GRÁFICO PARA O CONCERTO DE NADAL 2006.  
DECRETO CONCELLEIRO DATA: 21-11-06  
INFORME INTERVENCIÓN: RC. 58565  
ADXUDICATARIO: GRÁFICAS EZPONDA, S.L.  
IMPORTE: 385,89 €

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**14(1811).- MODIFICACIÓN DA XUNTA LOCAL DE PROTECCIÓN CIVIL E DESIGNACIÓN DE FUNCIONS. EXPTE. 72843/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta de data 28 de novembro de 2006 emitido pola xefa da Área de mobilidade e Seguridade, conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda.

Primeiro.- Designar como membros integrantes da Xunta Local de Protección Civil, de conformidade co disposto na normativa vixente, aos seguintes:

- O Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, que actuará de Presidente.
- O Concelleiro con competencia en materia de Protección Civil e Seguridade.
- Delegada da Área de Participación Cidadá.
- O Xefe de Area de Protección Civil.
- O Xefe de Bombeiros.
- O Xefe da Policía Local.
- Director da Area Sanitaria de Vigo
- Capitán da Garda Civil
- Comisario da Policía Nacional
- Capitán Marítimo ou representante da Autoridade Portuaria
- Presidente da Cruz Vermella Local
- Xefe de Grupo de Intervención
- Xefe de Grupo Sanitario
- Xefe de Grupo de Seguridade
- Xefe de Grupo Loxístico
- Xefe de Grupo de Rehabilitación de Servizos públicos
- Xefe do Grupo de Transmisións
- Un representante do órgano provincial da Xunta de Galicia con competencia en materia de Protección Civil.
- Técnicos do Concello adscritos ás áreas afectadas pola activación do Plan.
- Responsable da Agrupación Local de Protección Civil.
- Xefe da sala de trafico
- Xefe do laboratorio municipal
- A requirimento da Presidencia poden ser convocadas aquelas persoas que se consideren necesarias en función das necesidades.

Segundo.- Fixar como funcións as seguintes:

- Propoñer a elaboración do PEMU e os plans especiais que considere necesarios, de acordo cos riscos do Concello.
- Emitir informe con carácter previo á súa aprobación sobre os plans elaborados de protección civil.
- Supervisar o desenvolvemento, implantación, revisión, realización de simulacros e actualización dos plans.

- Promover e supervisar o cumprimento das medidas de prevención establecidas no PEMU.
- Promover as campañas de formación e información cidadá, así como o entramento daqueles sectores da poboación que se considere necesario, en consoancia coa problemática de risco que lles afecte.
- Analizar e avaliar o desenvolvemento do PEMU unha vez concluída a situación de emerxencia e propoñer as coreccións necesarias nel.
- Promover e impulsar as medidas que considere necesarias no ámbito de protección civil.
- Informar e propoñer as previsións económicas e de infraestruturas que necesarias para o desenvolvemento das súas competencias.

**15(1812).- DEVOLUCIÓN DE AVAL DA D<sup>a</sup>. JOSEFA CENDÓN DOMÍNGUEZ POR RESERVA ESPECIAL DE VÍA PÚBLICA POR OBRA NA RÚA PENÍS 1-CABRAL. EXPTE. 72874/210.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 20.12.06, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servicios da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 13 de abril de 2005 por D<sup>a</sup> JOSEFA CENDON DOMINGUEZ, con NIF-35977874 D por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PENIS, 1- CABRAL, por non producirse danos.

**16(1813).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA PROMOVER E POTENCIAR O USO DA BICICLETA COMO MEDIO DE TRANSPORTE URBANO. EXPTE. 72881/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.12.06, o informe de Intervención Xeral de 20.12.06, e de acordo co informe-proposta da xefa da Área de Mobilidade e Seguridade, do 20.12.06, conformado polo concelleiro-delegado de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de Convenio de colaboración entre o INSTITUTO ENERXETICO DE GALICIA e o CONCELLO DE VIGO, para promover e potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte urbano no Concello de Vigo e facultar á Excma Sra. Alcaldesa para a firma do mesmo de conformidade co disposto no artigo 124.4 a) da LRBRL.

*Convenio de colaboración entre o Instituto Enerxético de Galicia e o Concello de Vigo para promover e potenciar o uso da bicicleta como medio de transporte urbano no Concello de Vigo.*



*En Santiago de Compostela, a 28 de decembro de dous mil seis.*

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Fernando Xabier Blanco Álvarez, Conselleiro de Innovación e Industria e Presidente do Consello de Administración do Instituto Enerxético de Galicia, actuando en nome e representación deste Instituto (en adiante INEGA), ao abeiro das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.*

*Pola outra parte, a Excma. Sra. Dna. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo, actuando no seu nome e representación ao abeiro das atribucións que lle confire o artigo 124.4 A da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.*

*Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que, para negociar en nome das entidades que representan, teñen conferidas e*

#### **EXPOÑEN**

*Primeiro.- Que o Instituto Enerxético de Galicia (en adiante INEGA) é un ente de dereito público con personalidade xurídica propia para o cumprimento dos seus fins (art. 1 da Lei 3/1999, de 11 de marzo). Os fines son “o fomento, o impulso e a realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias”.*

*Que o INEGA, para o exercicio das súas funcións, pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas interesadas no ámbito das súas funcións, así como colaborar con outras administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro e de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (artigo 5 da Lei 3/1999) .*

*Segundo.- Que o Concello de Vigo está interesado en promover o aforro e a eficiencia enerxética no seu ámbito de actuación e, en concreto, en promover o uso da bicicleta como medio de transporte urbano no Concello de Vigo.*

*Dado o interese común concorrente ámbalas dúas partes*

#### **ACORDAN**

*Establecer un convenio de colaboración en virtude do cal o INEGA, a través do convenio que ten subscrito co IDAE e referido ao “Plan de acción de la estrategia de ahorro y eficiencia energética en España 2005-2007 (E4)”, exercicio 2005, subvencionará, a fondo perdido, unha actuación tendente a potenciar o uso da bicicleta no Concello de Vigo segundo ás seguintes*

#### **CLÁUSULAS**

*PRIMEIRA.- Obxecto.*

*A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o INEGA e o Concello de Vigo, en virtude da cal o INEGA subvencionará unha actuación tendente a potenciar o uso da bicicleta no Concello de Vigo. Dita actuación inclúe os seguintes aspectos:*

- × Construción dun mínimo de tres bases para aparcar bicicletas.
  - Estas irán dotadas de marquesiñas para o resguardo da intemperie e con medidas de seguridade. Alternativamente á construción de marquesiñas poderán ubicarse as bases das bicicletas noutros lugares de acceso público, como parkings, centros sociais, dependencias municipais,... que garantan unha dispoñibilidade horaria adecuada aos fins que se pretenden, e que non supoñan impedimento para a continuidade do sistema en anos sucesivos e garantan a protección antivandalismo.
  - As bases deben dispoñer dun sistema de retención automático de bicicletas que funcione preferentemente mediante a utilización de tarxetas electrónicas. A utilización debe ser doada e exenta de riscos para que poida ser accionada polo público en xeral. Este sistema de xestión automático das bases permitirá levar un control da utilización das bicicletas.
  
- × Merca dun mínimo de 100 bicicletas.
  - × O Concello de Vigo comprométese á merca dun mínimo de 100 bicicletas que estarán a disposición do público nas bases antes citadas.
  - × As bicicletas deben ser de fácil utilización, evitando barras transversais que impidan o uso dun sector adulto da poboación.
  - × As bicicletas deber ir dotadas dunha cesta portaequipaxes ou sistema alternativo que permita o transporte de obxectos.
  - × As bicicletas deberán dispor dalgún sistema de identificación visible, perdurable e resistente.
  - × As bicicletas irán dotadas de catadióptricos non triangulares traseiros, nos pedais e nos laterais.
  
- × Xestión do sistema
  - × O Concello de Vigo deseñará o sistema de xestión da actuación en cuestión
  - × O sistema estará a disposición do público, para o seu uso, un mínimo de 4.000 horas ao ano.
  - × O Concello analizará a necesidade dunha redistribución periódica das bicicletas dunhas bases a outras facéndoa efectiva coa frecuencia necesaria.
  - × O Concello de Vigo responsabilizarase do correcto mantemento das bicicletas.
  - × O Concello de Vigo velará para que o número de bicicletas en funcionamento efectivo sexa sempre superior a 75.
  - × O Concello de Vigo facilitará copia ao INEGA do prego de condicións do concurso para a adxudicación das obras e servizos relacionados co presente convenio, previamente á publicación da correspondente licitación.
  - × O Concello de Vigo remitirá ao INEGA un informe trimestral durante o primeiro ano de servizo do sistema no que se informe do número de usuarios mensuais do sistema e do estado do mesmo. Adicionalmente atenderá as solicitudes de información que o INEGA realice.

- ✘ O Concello de Vigo comprométese a levar a cabo a adquisición das bicicletas e demais mecanismos necesarios, axustándose estritamente aos procedementos de contratación regulados no texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e demais normas que o desenvolvan. O Concello permitirá que o INEGA supervise o cumprimento desta obriga.
  
- ✘ Publicidade do sistema
  - ✘ O Concello de Vigo promocionará e publicitará adecuadamente o sistema para maximizar a súa utilización polos cidadáns.
  
  - ✘ O Concello de Vigo comprométese a facilitar a participación de representantes do IDAE e do INEGA nas presentacións públicas que se requiran para o desenvolvemento das actividades do Convenio.
  
  - ✘ O Concello de Vigo comprométese a facer figurar a imaxe corporativa do IDAE e do INEGA en toda a documentación técnica, equipos e elementos de comunicación que o desenvolvemento do Convenio requira.
  
  - ✘ O Concello de Vigo e o INEGA comprométense a citarse mutuamente e tamén ao IDAE en toda a documentación técnica e presentacións públicas que se realicen por parte de calquera das partes.

*SEGUNDA.- Vixencia.*

*O presente Convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ao longo dun ano dende a entrada en servizo público da actuación prevista.*

*TERCEIRA.- Prazos.*

*A publicación da convocatoria da contratación xunto cos correspondentes pregos de cláusulas e de prescricións técnicas da adquisición das bicicletas e das obras e servizos necesarios, deberá realizarse antes do 15 de febreiro do ano 2007.*

*A posta en servizo ao público do sistema tratado para a promoción do uso da bicicleta debe ter lugar antes do 15 de xuño do ano 2007. Nesta data deberán atoparse entregados os xustificantes mencionados no segundo pagamento do 50 % da cláusula seguinte.*

*CUARTA.- Acordo económico e forma de pago.*

*A aportación máxima do INEGA cífrase nun total de 140.000 euros, I.V.E. incluído, que se traspasarán do INEGA ao Concello de Vigo en dous pagos a realizar do seguinte xeito:*

- ✘ 50 % á adxudicación do concurso á empresa encargada da realización do traballo.
- ✘ 50 % un mes despois da entrada en funcionamento do sistema para o seu uso público e contra a presentación dos gastos nos que se incorreu.

*Con independencia do anterior, só se abonarán os custos nos que realmente se incorreu á hora de levar a cabo as prestacións obxecto do convenio.*

*O Concello de Vigo aportará os fondos adicionais que eventualmente sexan necesarios para a realización da actuación obxecto do presente Convenio.*

*En caso de que por calquera motivo a actuación non chegue a estar en uso público efectivo no prazo temporal máximo de execución, o INEGA non realizará ningunha compensación económica ao Concello de Vigo para a actuación en cuestión, sendo devoltas no prazo dun mes dende o vencemento do prazo máximo de execución as cantidades que foran obxecto de libramento.*

**QUINTA.- Subcontratación.**

*Permítese a subcontratación do 100 % dos traballos recollidos no presente convenio a empresas que demostren a súa solvencia técnica e económica, e sempre que se cumpran os requisitos esixidos pola lexislación de contratos das administracións públicas.*

**SEXTA.- Causas de resolución.**

*Son causas de resolución do presente convenio:*

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas e, particularmente, a relativa á obriga de axustarse aos procedementos legais de contratación administrativa para a adquisición dos elementos ou mecanismos necesarios en orde á execución da actuación que ten por obxecto este convenio.*
- b) O transcurso do tempo estipulado sen que se leve a cabo o obxecto do mesmo, salvo causa xustificada.*
- c) A denuncia de calquera das partes formulada por escrito con quince días de antelación.*
- d) O acordo mutuo das partes*

**SÉTIMA.- Revocación.**

*O Convenio quedará automaticamente revocado cando se produzan cambios normativos que afecten substancialmente ás disposicións vixentes á sinatura do Convenio, e que ampararon a súa subscripción.*

**OITAVA.- Comisión de seguimento.**

*Para os efectos de seguimento e impulso das actuacións previstas no presente Convenio, constituirase unha comisión de seguimento e control formada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, nomeados pola Alcaldesa do Concello de Vigo e polo Director do INEGA, respectivamente.*

*Dita comisión resolverá as dúbidas e as cuestións controvertidas que xurdan da aplicación do convenio.*

**NOVENA.- Réxime xurídico e xurisdición competente.**

*O convenio terá carácter administrativo e, polo tanto, todas as cuestións que non teñan solución no seo da comisión de seguimento someteranse ao coñecemento da Xurisdición Contencioso Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

*En proba de conformidade, ámbalas partes asinan o presente convenio, por triplicado, na data e lugar indicados ao comezo.*

**17(1814).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRADO DO SADI TRAS A APLICACIÓN DO IPC. EXPTE. 2563/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica da Oficina da Muller e da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 26.11.06, conformado pola concelleira da Muller e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato da xestión do Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia, durante o período de prórroga de contrato aprobada para o período que abrangue dende o 5 de xullo do 2006 ó 4 xullo do 2007, ambos incluídos, aplicando o IPC do 4.2%, de acordo coa cláusula terceira do prego de condicións administrativas que rexen o contrato, resultando un prezo por hora de servizo realizado de 15.63€.

**18(1815).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA A RECONSTRUCCIÓN DE “FINCA SOLITA” EN ALCABRE PARA CENTRO CÍVICO. EXPTE. 1054/321.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 11.12.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Besada e Failde, BMJ Arquitectos, S.C. o procedemento negociado para a contratación da asistencia técnica para redacción do proxecto de execución da reconstrucción de “Finca Solita” en Alcobre para centro cívico. Expte. 1054-321, por un importe de 25.500 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 02.10.2006 e a oferta presentada.

**19(1816).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DO PROXECTO PARA O ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS DE DR. FLEMING. EXPTE. 1055/321.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 11.12.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Besada e Failde, BMJ Arquitectos, S.C. o procedemento negociado para a contratación da asistencia técnica para redacción do proxecto para o acondicionamento dos locais de “Dr. Fleming”. Expte. 1055-321, por un importe de 16.200 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 02.10.2006 e a oferta presentada.

**20(1817).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN PARA A RECONSTRUCCIÓN DO ANTIGO COLEXIO ALEMÁN. EXPTE. 1071/321.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 11.12.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a Marister Failde Ferreiro o procedemento negociado para a contratación da asistencia técnica para redacción do proxecto de execución para a reconstrucción do antigo “Colexio Alemán”. Expte. 1071-321, por un importe de 22.250 euros. todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 16.10.2006 e a oferta presentada.

**21(1818).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO DAS OBRAS DO PROXECTO DE “ABASTECIMENTO DE CABRAL-CANDEÁN” FASE 1: DEPÓSITO DO MONTE VIXIADOR”. EXPTE. 50269/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 11.12.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Unión Temporal de Empresas formada por Hidroestructuras, S.L. (50%) e Hidroscivil, S.L. (50%) o concurso para a contratación da execución das obras do proxecto de “abastecemento de Cabral e Candeán. Fase 1: Depósito do Monte Vixiador.” Expte. 50269-250, por un importe de 471.318 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 09.10.2006 e a oferta presentada.

**22(1819).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE NAS ESCOLAS E COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO. EXPTE. 7126/332.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 4.12.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a “Dalkia, Energía y Servicios, S.A.” os lotes 1, 2 e 3 do concurso para a contratación do servizo de mantemento de instalacións de calefacción e auga quente nas escolas e colexios públicos de Vigo por un importe respectivo de 6.999 euros, 7.289 euros e 14.087 euros, todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 11.09.2006 e a oferta presentada.

**23(1820).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA BAIXADA Ó CAPITÁN-LAVADORES E ACONDICIONAMENTO NA ESTRADA DE VILAS-LAVADORES. EXPTE. 49997/250.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 11.12.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a “Construcciones Rey Solla, S.L.” o concurso para a contratación das obras do proxecto de construcción de beirarrúas na baixada ao Capitán-Lavadores por un importe de 64.035 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 02.10.2006 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar a “Sercocsa, Proyectos y Obras, S.A.” o concurso para a contratación das obras do proxecto de acondicionamento na estrada de Vilar-Lavadores por un importe de 62.216 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 02.10.2006 e a oferta presentada.

**24(1821).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA DE REALIZACIÓN DO DISPOSITIVO DE ATENCIÓN Á INFANCIA E Á FAMILIA. EXPTE. 17534/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.11.06, o informe de fiscalización do 12.12.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 23.11.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos e pola delegada do Goberno do área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 500000 euros/ano euros para a contratación da asistencia técnica do dispositivo de atención a infancia e a familia que se imputarán á partida presupuestaria 313.0.226.08.06 do vixente presuposto e sucesivos.

2º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de asistencias técnicas polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) de data 10.11.2006 e o prego de prescripción técnicas para a prestación da asistencia técnica do dispositivo de atención a infancia e a familia.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

**25(1822).- APERCIBIMENTO SOBRE O USO DE BENS AFECTOS A FONTE PÚBLICA EN TEIS. EXPTE.17156/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 28.11.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (LPAAPP).
- L 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRXAP).
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do regulamento de bens das entidades locais (RBEL).

ANTECEDENTES:

*PRIMEIRO - A comunidade de montes de Teis mediante escrito de entrada neste concello de 20.6.2005 (doc.50135973) denunciou a apropiación de terreo público municipal no barrio de Paradela, na parcela na que se atopa o rexistro de auga que abastece á fonte pública municipal núm. 197, así como que nela se estaban a utilizar herbicidas xusto encima da arqueta que podían supoñer perigo de saúde pública por filtración e escorrentía.*

*A este escrito seguiron outros denunciando obras de peche da parcela e movementos de terras nela, así como a instalación de 9 tubos de drenaxe que verten augas lixiviadas sobre a arqueta, con perigo de contaminación ambiental e atentando ao servizo público da auga da fonte, polo que reclama se tomen as medidas precisas e coa urxencia que a situación require por canto o peche da finca e polo tanto o acceso á arqueta é inminente.*

*Así mesmo solicita se reclame a titularidad municipal da parcela na que se atopa a arqueta, por canto nela se atopaba o antigo lavadoiro, feito que moitas personas maiores lembran achegando a este efecto lista de persoas maiores, e que foi cando dito lavadoiro se trasladou cando o concello fixo a arqueta, destinada á recollida de augas para a fonte e lavadoiro e a súa redirección ao novo, sendo unha peza fundamental para a calidade e subministro da auga. Alega que foi cando a casa situada enriba da parcela vendeuse no ano 2000 que esta propiedade pasou no contrato de compravenda duns 140 metros cuadrados a 357, achegando copia das escrituras dunha primeira compra do inmóbel no ano 1958 e da do ano 2000.*

*SEGUNDO - No expediente figuran escritos do valedor do pobo de Vigo, dando traslado da queixa da comunidade de montes de Teis pola presentación sen resposta ningunha de escritos ao concello en relación con este tema, así como de solicitude de información do expediente.*

*TERCEIRO.- O enxeñeiro de vías e obras informa o 22.12.2005. que non se ten constancia sobre o interesado por dita comunidade de montes referente ás datas do traslado da fonte e lavadoiro no ano 1930 ou da súa cuberta no ano 1970.*

*CUARTO – Figura tamén informe do arquitecto municipal de 14.3.2006. indicando que os feitos denunciados non se corresponden con propiedade municipal ningunha rexistrada no inventario de bens e dereitos do concello.*

*QUINTO - O topógrafo municipal emite informe o 19.6.2006. no que di: a situación actual é da existencia dun lavadoiro público na situación e solar de propiedade municipal, inventariado como lavadoiro público de Cambeiro- Monta- Teis, núm de propiedade 000162 e fonte num. 197, denominada “O Gorgollón”; que enfronte da situación actual do lavadoiro existe un pozo circular de formigón en terreo actual de propiedade privada segundo datos do catastro e escritura do terreo actual aportada no expediente que segundo a comunidade de*



montes e 6 persoas con idades entre 82 e 93 anos era a ubicación primitiva do lavadoiro, polo que manifestan que o dito terreo é de propiedade pública e non inventariado. Do análise da escritura achegada dedúcese que entre o ano 1958 e o contrato de compravenda de abril do ano 2000 a súa cabida pasa de 170 metros cuadrados a 357, dato éste coincidente coa descriptiva do catastro. A vista de todo isto e debido á existencia da arqueta e servidume de acueducto real, procedase polo departamento de patrimonio á súa inclusión no inventario, así como a investiga-los inventarios anteriores referentes ao lavadoiro e fonte da posíbel existencia. Achega fotografías onde vense as obras na parcela.

*SEXTO* - Aqualia en data 4.9.2006. informa que a empresa carece de todo tipo de información sobre a parcela aludida, toda vez que o seu ámbito de actuación é a vía pública exclusivamente.

*SÉPTIMO* - O departamento de vías e obras informa o 6.10.2006. de que se ten constancia nesa unidade dunha intervención municipal de limpeza e acondicionamento do lavadoiro e limpeza do pozo do asunto no lugar actual de ubicación.

*OCTAVO* - Abelardo Quintana Fonseca, que figura como titular da parcela en cuestión, situada en Teis, Carreiteira da Madroa núm. 12, comparece como interesado no expediente o 31.10.2006. achegando información catastral do inmóbel, título de propiedade da finca e plano de deslinde da parcela.

Achega así mesmo copia de informe de Augas de Galicia de 2.10.2003. sobre afeccións dun acuífero subterráneo de uso público nunha fonte en un lavadoiro, con respecto á parcela na que se capta e pola que discorre entubado subterráneo por petición escrita do interesado. Nel se di que na parcela cáptase nun pozo cilíndrico de 1 m de diámetro, un acuífero subterráneo a 3 m de profundidade, conducíndose as augas por tubería subterránea de PVC, nun treito de 13 m polo interior da parcela, e posteriormente por vía pública, ata desaguar na superficie dunha fonte e lavadoiro públicos situados a 35 m do pozo de captación. O aproveitamento das augas é público, non constando que exista inscrición no rexistro de augas. As obras de captación e conducción foron realizadas polo concello de Vigo segundo as informacións recollidas.

#### *FUNDAMENTOS:*

*PRIMEIRO* - Segundo o disposto no art. 79.2 e 3 da LBRL e art.5.1 da LPAAPP, son bens de dominio público os destinados ao uso ou servizo público. Así mesmo, e de conformidade co art. 82 da LBRL e arts. 70 e 71 do RBEL, as entidades locais poderán recuperar por si mesmas, en calquera momento a posesión dos seus bens de dominio público.

*SEGUNDO* -De conformidade coa xurisprudencia a facultade de recupera-la posesión dos bens de dominio público está suxeita a determinadas condicións, cuxo cumprimento lexítima esta modalidade de actuación administrativa, particularmente intensa, que permite ós concellos restabelecer por si mesmos a situación posesoria preexistente, poñendo fin á perturbación cometida por terceiros, mediante a utilización de “tódolos medios compulsorios legalmente admitidos”. A primeira destas condicións –verdadeiro presuposto do procedemento- é, xustamente que o ben obxecto da recuperación non só esté previamente identificado senón que viñera sendo posuído de feito pola administración municipal en circunstancias tales que resulte acreditado o seu previo uso público, isto é a súa afectación real ó concreto destino que xustifica a inclusión do non dominio público (STS de 2.12.1999).

Así mesmo, é reiterada doutrina que a adecuación da facultade recuperatoria ó ordeamento xurídico supón, entre outros extremos, determinar se os bens cuxo dominio público é a xustificación da acción recuperatoria encontrábanse realmente afectos a un estado de pública posesión cando a usurpación tivo lugar, xa que o

privilexio de reaccionar depende da aludida circunstancia. Tamén que é necesario achega-la acreditación documental que xustifique o estado posesorio, poidendo sustuílo por outros elementos demostrativos desa mesma circunstancia, sendo necesario que o previo uso público e detención posesoria do concello quede establecido de modo medianamente convincente, sen necesidade de complicados xuízos valorativos, ben porque conste a utilización con ese carácter por unha pluralidade de veciños de maneira reiterada e pacífica, ben por calquera outra circunstancia (STS de 11.7.2001).

TERCEIRO - Respecto da controvertida titularidade real da finca, indicar que a recuperación de oficio é un procedemento eminentemente posesorio, que está orientado á defensa da posesión dos bens públicos, con reserva á xurisdicción civil da determinación efectiva dos dereitos de propiedade, e que conseguintemente a administración non ten que acreditar a plena titularidade dos bens que se reclamen no procedemento, por canto a xurisprudencia ven insistindo no carácter estritamente posesorio que corresponde á potestade que ten recoñecida a Administración, e que ésta é a razón de que dita potestade veña recibindo a denominación de “interdictum propium”.

En liña co anterior, declara que non é menester que a administración acredite a plena titularidade demanial, porque o que se protexe é a perda ou perturbación do feito da posesión, así como que o exercicio da facultade de recuperación enténdese sin prexuízo da acción de quen se crea titular dos bens sobre os que se exercita o “interdictum propium” para reivindicalos ante a xurisdicción civil (STS 22.12.2005).

CUARTO - O art. 71.2 do RBEL esixe que se acredite a posesión administrativa mediante documentos, salvo que se trate de repeler usurpacións recentes, suposto en que será suficiente calquera outro medio probatorio. Da documentación obrante no expediente, especialmente informe do topógrafo municipal de 19.06.2006., do departamento de vías e obras de 6.10.2006., e de Augas de Galicia de 2.10.2003., resultan acreditados os seguintes extremos, que establecen dun modo convincente o previo uso público e detención posesoria polo concello de Vigo da instalación e condución das augas obxecto del:

- O aproveitamento das augas do acuífero subterráneo que se atopa na parcela é público, mediante a fonte núm. 167 e un lavadoiro que figuran inventariados no concello. As obras de captación e condución foron realizadas polo Concello de Vigo. Hai así mesmo constancia de intervención municipal de limpeza do pozo do asunto no actual lugar de ubicación e os veciños informan da existencia nela dun antigo lavadoiro que foi trasladado á súa ubicación actual.
- Na parcela estanse a realizar na actualidade obras de pechamento que impedirían o acceso ós técnicos municipais ó pozo e tamén hai denuncias veciñais de vertidos contaminantes que puidesen afectar á salubridade e calidade das augas.

QUINTO – Consonte co disposto no art. 127.1.j) da LBRL, a Xunta de Goberno Local ten facultades para adoptalo seguinte acordo que o é en materia da súa competencia.

En virtude do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente o seguinte ACORDO:

- 1.-Apercibirlle a D. Abelardo Quintana Fonseca para que se absteña de calquera tipo de actuación que puidese impedi-lo dereito de uso e acceso ao pozo que capta o acuífero subterráneo na parcela sita na Carretera da Madroa nº. 12, que surte á fonte núm. 197 denominada “O Gorgollón” e lavadoiro público de Cambeiro – Mouta - Teis, deixando libre o seu acceso.

2.- Indicarlle, que en caso de incumprimento do ordeado, esta Administración procederá ó exercizo daquelas accións que se estimen procedentes na defensa dos seus dereitos posesorios.

3.- Dar traslado deste acordo á Xerencia Municipal de Urbanismo ós efectos de posibles licencias que se soliciten.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **26(1823).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE USO PRIVATIVO DO DOMINIO PÚBLICO MEDIANTE A A INSTALACIÓN DO QUIOSCO EN VÍA PÚBLICA. EXPTE. 17395/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 11.12.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o uso privativo do dominio público mediante a instalación de dous quioscos na vía pública un na rúa Rosalía Castro e outro na avenida de García Barbón.. Expte. 17395-240, a Rede Galega de Quioscos, S.L., todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 19.04.2006 e a oferta presentada.

#### **27(1824).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO E ESTACIONAMENTO REGULADO MEDIANTE EXPENDEDORES DE TIQUETS NA VÍA PÚBLICA; RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS. EXPTE. 72171/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 13.12.06, conformado polo xefe de Área de Contratación e Novos Proxectos e o concelleiro da Área de Mobilidade e Seguridade, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 14 de agosto de 2006 acordou someter a información pública por un período dun mes mediante anuncio a publicar no BOP, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que no seu caso rexerán no concurso que se convoque para a xestión indirecta (concesión) de servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública "XER".*

*O anuncio foi publicado no BOP o día 31-08-06, durante o prazo concedido ao efecto, de conformidade coa certificación expedida polo órgano de apoio á Xunta de Goberno Local en data 5 de outubro de 2006 foron presentadas as seguintes alegacións:*

*1.- UTE DE FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A  
ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.*

2.- MOTOR & IURIS D. ENRIQUE RANCAÑO REBOREDA

3.- ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS

4.- SOCIEDAD IBERICA DE REGULACIÓN DE TRAFICO

A Xefa da area de Mobilidade e Seguridade en informe de 10-11-2006 que literalmente se transcribe a continuación, fai proposta de contestación das alegacións presentadas.

- “En data 12 de setembro de 2006, D. Ernesto Rodríguez Comesaña en nome e representación da entidade Fomento de Construcciones y Contratas S.A., Estacionamientos y Servicios, S.A, UTE, manifiesta que: “La relación de personal correspondiente al anexo II del Pliego de condiciones técnico administrativo do Servicio de regulación de estacionamiento en la vía pública, contiene varios errores relacionados con la antigüedad de los trabajadores a subrogar del actual servicio, adjuntando relación correcta de personal.”

Proponse que previas as comprobacións oportunas se substitúa o anexo II unido ao expediente, polo aportado coas correccións necesarias.

- En data 29 –09-2006, D. José M<sup>a</sup> Paz Sánchez, en nome e representación da Entidade Estacionamientos y Servicios, S.A, formula as seguintes alegacións:

Art. V: Ambito de aplicación

- \* “El alcance y contenido del servicio de estacionamiento en superficie viene especificado en el Anexo 1 del Pliego como propuesta base con relación al ámbito de aplicación. No existe anexo 1”

Sí está incorporado ao expediente de contratación o anexo 1 no cal se atopa incluída relación de rúas nas cales ha de realizarse a proposta base así como os planos con indicación das zonas que han de incluírse e que actualmente están reguladas.

- \* “Asímismo el Pliego no define la ubicación exacta de los 2.850 plazas a regular, la Ordenanza del Servicio de Regulación de Estacionamiento en la Vía Pública en vigor contempla calles actualmente peatonales o solo de circulación de vehículos e incluso calles no reguladas...”

A proposta base ha de ser realizada polos licitadores tendo en conta o contido do anexo 1 no cal se describen as rúas obxecto de regulación.

- \* “... No coincide el ámbito de regulación que define la Ordenanza municipal con las calles reguladas actualmente, los constantes cambios en la configuración de calles por obras, cambios de sentido, peatonalización, crean la necesidad de definir con exactitud el ámbito de aplicación del servicio de regulación.”

Como nas alegacións anteriores o ámbito de regulación e a proposta base ha de realizarse de conformidade co contido do anexo 1 por parte dos licitadores.

A Ordenanza municipal inclúese no expediente por ser a Ordenanza municipal en vigor, sin que iso implique que sexa de aplicación nas rúas que polas modificacións realizadas non conten con zona de estacionamento.

\* “El artículo 8 del Pliego de condiciones dice:

*El sistema propuesto por el licitador deberá poder operar con visión artificial describiendo un proyecto operativo y funcional con un mínimo de 12 cámaras debiendo definir exactamente la finalidad de dichas cámaras.”*

*O proxecto ha de ser realizado polo licitador considerando as cámaras como unha ferramenta de control e complementario da actuación dos vixiantes e que permita a explotación dunha zona XER mediante visión artificial.*

*“También debe figurar en el Pliego de Condiciones si se puede utilizar o no para el sistema de comunicaciones, transmisiones y alimentación las posibles redes que el Concello dispone en la ciudad.”*

*De conformidade co disposto no texto do Prego non está previsto que no proxecto que se presente nin na súa posterior execución se utilice para o sistema de comunicacións, transmisión e alimentación as posibles redes que o Concello dispón na cidade; o cal non sería obstáculo para que si existiran tales redes e poideran ser utilizados sen prexuízo para os servizos municipais poidesen ser obxecto de utilización, previo acordo co Concello.*

\* “ Art. 1 párrafo 3. Limitación por un máximo de siete días para los residentes en la misma plaza. Esta limitación no existe en la Ordenanza actual del servicio.”

*Ao non figurar a limitación na vixente Ordenanza do servizo considérase que dita limitación pode ser obxecto de supresión.*

• *En data 30 de setembro de 2006, D. José Antonio Guerrero Rubio en representación da Sociedad Ibérica de Regulación de Tráfico, SA, formula as seguintes alegacións:*

\* “En el apartado V.6 del Pliego de condiciones técnicas dice que se dispondrá de una central de telecomunicaciones de tecnología actual para la comunicación con cualquier vigilante y otros sistemas de comunicaciones contemplados en el presente Pliego ¿Qué quiere decir tecnología actual, apartado VII y apartado IX no quedan claros los 3 apartados?”

*A central de telecomunicacións ha de ser proposta polo licitador tendo en conta os distintos modelos existentes no mercado de última tecnoloxía, ao igual que o resto de sistemas de comunicacións esixidos no Prego e que son necesarios para a correcta prestación do servizo, enténdéndose como tecnoloxía actual os modelos de recente aparición no mercado en canto a tecnoloxía, mantemento, respostas, etc, e que permitan a transmisión de todo tipo de datos.*

\* “En el punto 8 del apartado V Descripción do servizo, dice que el sistema propuesto por el licitador deberá poder operar con visión artificial descubriendo un proyecto operativo y funcional con un mínimo de 12 cámaras.”

*As cámaras de visión artificial son independentes do vehículo de control con lector de matrícula, e contémplanse como unha ferramenta complementaria das funcións dos vixiantes e que han de estar conectadas co Concello.*

*Hase de ofertar un proxecto e materializalo. O tipo de cámaras serán cámaras fixas sen rotación que permitan xestionar o control de vehículos e a ocupación das prazas.*

*\* “En el punto 9 “Comunicacións” del apartado V “Descripción do servizo” dice que los ofertantes deberán proponer un medio alternativo para la comunicación que cuando menos cumpla con los requisitos siguientes....”  
“¿Quiere decirse que debe instalarse tal sistema alternativo o solo proponerse?  
¿Sería necesario instalarlo en caso de utilizar un sistema principal que no dependa de operadoras externas?.”*

*Debe proporse na oferta e instalarse posteriormente.*

*No caso de existir un sistema que non dependa de operadores externas non sería necesario.*

*A esixencia contida no citado punto refírese á instalación dun medio alternativo que asegure a comunicación en tempo real entre los equipos instalados na rúa e o servidor municipal.*

- En data 21-09-2006, Don Abrahan Tenoira Reina, abogado da empresa MOTOR & IURIS y D. Enrique Rancaño Reboreda presentan recurso de reposición contra o Acordo da Xunta de Goberno Local polo cal se aproban os Pregos de condicións administrativos y técnicos do concurso para a contratación da xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública.*

*En primeiro lugar debe aclararse que existe un erro na calificación do escrito por non ser correcta a calificación do mesmo como recurso de reposición posto que o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de agosto de 2006 non aproba os Pregos de condicións técnicas e administrativas senón que soamente adopta o acordo de sometelos a información pública antes de proceder á súa aprobación. Non obstante e considerando o citado escrito como alegacións aos citados Pregos procédese a examinar o seu contido.*

*\* “Solicita la exclusión de la cláusula que obliga a la incorporación de un vehículo de control equipado con un sistema de control de matrículas, posicionamiento GPS, manifestando que las fotografías realizadas por el vehículo carecen de valor jurídico por vulnerar el derecho fundamental a la intimidad y a la propia imagen. Asimismo solicita que se excluya la exigencia de las cámaras de visión artificial.”*

*O vehículo de control esixido no Prego e equipado cun sistema de lector de matrícula como ben explica o alegante no contido da súa alegación, consiste nunha ferramenta de colaboración cos vixiantes do sistema XER e coa Policía Local, un elemento auxiliar cuia única finalidade é facilitar aos encargados da vixilancia o cumprimento das obrigacións derivadas da posta en funcionamento do sistema XER; o control do mesmo mediante a realización dunha fotografía que de conformidade co disposto na vixente lexislación supón un elemento probatorio máis da veracidade dos feitos constatados sen que en ningún caso se poida interpretar como un feito coñecido por un medio de captación e reprodución de imaxe, senón pola persoa que comproba os feitos, manexa o sistema e ratifica as denuncias e a fotografía realizada.*

*Ante esta realidade non se trata en ningún caso dun sistema suxeito a homologación polo Instituto Nacional de Metrología como así se plantexou en distintas sentenzas xudiciais.*

*Con relación á esixencia das cámaras de visión artificial, a súa función é, así mesmo, de instrumento auxiliar das funcións esixibles ao sistema de xestión de estacionamento regulada e cuia finalidade é exclusivamente a toma de datos relativos a posición e ocupación de prazas, o que permitirá unha maior efectividade do sistema.*

*Polo cal non se aprecia a existencia de ningún fundamento legal que aconselle a exclusión das citadas esixencias do Prego de condicións.*

*E que no momento da súa posta en funcionamento contarán con todas as garantías legais en canto á súa utilización polo que procede desestimar esta alegación.*

• *Asimismo foi presentado escrito de alegacións polos delegados de UGT, FSP de Vigo na empresa FCC-EYSA en data 29-9-2006 co seguinte contido:*

*\* Que la relación de personal correspondiente al anexo II del Pliego de condiciones técnico administrativas del servicio de regulación de estacionamiento en la vía pública, contiene varios errores relacionados con la antigüedad de los trabajadores a subrogar del actual servicio.*

*En relación con la citada alegación formulada también por la entidad Fomento de Construcciones y Contratas, S.A, Estacionamientos y Servicios, S.A UTE, ya se ha estimado que previas las comprobaciones oportunas se sustituya el anexo II unido al expediente por el apartado por las correcciones necesarias.*

*\* Que consideran que el número de plazas por vigilantes, 150, son excesivas para el buen funcionamiento del servicio teniendo en cuenta que el pliego contiene más funciones a desarrollar por el personal de vigilancia. Capítulo 5, artículo 3 del Pliego de Condiciones Técnico (Medios humanos).*

*O número de prazas por vixiante fíxose en función dos estudos realizados noutras cidades considerando que se trata dun ámbito perfectamente controlable por un vixiante e que contará cunha serie de medios complementarios e de colaboración que facilitará a súa labor.*

*Por todo lo expuesto proponse:*

*- Estimar a alegación presentada por D. Ernesto Rodríguez Comesaña en nome e representación de Fomento de Construcciones y Contratas, S.A Estacionamientos y Servicios, S.A UTE, en canto a substitución do Anexo II.*

*Informar aos representantes da empresa Estacionamientos y Servicios y Sociedad Ibérica de Regulación de Tráfico, sobre as aclaracións solicitadas en relación co articulado do Prego.*

*- Desestimar a alegación presentada por Motor Iuris y D. Enrique Rancaño Reboreda, polos motivos expostos no presente informe.*

*- Estimar en parte a alegación presentada polos Delegados de UGT, FSP de Vigo na empresa FCC EYSA en canto á substitución do Anexo II cos listados correctos e desestimar en canto á alegación relativa ao número de vixiantes polos motivos expostos.*

*- Asímesmo proponse de oficio na cláusula V, apartado 4º, “Capacidade de depósito de moneda” que a capacidade da alcancía fixada como mínimo en 6 litros, quede fixada en 4 por comprobarse ser esta a capacidade máis frecuente nos aparatos expendedores existentes no mercado.”*

*No expediente remitido o servizo de contratación consta a versión definitiva do prego de condicións técnicas que deberá rexer o concurso no que se teñen incluídas as alegacións aceptadas..*

No prego de cláusulas administrativas se incluíron as modificacións solicitadas pola Xefa da Area de Seguridade no seu oficio de 20-11-2006.

O pregode cláusulas administrativas incluídas as modificacións efectuadas foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica do concello o día 28-11-2006, incluída a cláusula de subrogación do persoal.

Con data 13-12-2006 A xefa da Area de Mobilidade propón varias modificacións no prego de cláusulas administrativas a vista do informe emitido pola Intervención Xeral o día 05-12-2006. Esta modificacións foron informadas favorablemente pola Asesoría Xurídica e se incorporaron á versión refundida do prego de cláusulas administrativas de data 13-12-2006.

Por iso, e previo informe do Sr. Interventor Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º Respecto das alegacións presentadas na exposición pública dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas que rexerán no concurso que se convoque para a xestión indirecta (concesión) de servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública "XER", acordase:

- Estimar a alegación presentada por D. Ernesto Rodríguez Comesaña en nome e representación de Fomento de Construcciones y Contratas, S.A Estacionamientos y Servicios, S.A UTE, en canto a substitución do Anexo II.
- Informar aos representantes da empresa Estacionamientos y Servicios y Sociedad Ibérica de Regulación de Tráfico, sobre as aclaracións solicitadas en relación co articulado do Prego de acordo co informe da xefa de area de Mobilidade e Seguridade de 10-11-2006 .
- Desestimar a alegación presentada por Motor Iuris y D. Enrique Rancaño Reboreda, polos motivos expostos no informe da xefa de area de Mobilidade e Seguridade de 10-11-2006 .
- Estimar en parte a alegación presentada polos Delegados de UGT, FSP de Vigo na empresa FCC EYSA en canto á substitución do Anexo II cos listados correctos e desestimar en canto á alegación relativa ao número de vixiantes polos motivos expostos no informe da xefa de area de Mobilidade e Seguridade de 10-11-2006 .

2º Aprobar os pregos de cláusulas administrativas (versión refundida de data 13-12-2006) e prescricións técnicas que no seu caso rexerán no concurso aberto para a xestión indirecta (concesión) de servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública "XER".

3º Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinarias.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **28(1825).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE PRÓRROGAS DE CONTRATOS POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS. EXPTE. 16819/220.**

Mediante informe da técnica de Organización e X. de Recursos Humanos, do 7.11.06, conformado pola xefa do Servizo de Persoal, dáse conta á Xunta de Goberno local das resolucións da Alcaldía de prórrogas por un período de 3 meses dos seguintes contratos por acumulación de tarefas:



I.—DOUS OFICIALES-PAVIMENTADORES E SEIS OPERARIOS-PAVIMENTADORES.- Dáse conta a Xunta de Goberno Local da resolución da Alcaldesa, de data 17 de agosto do 2006, pola que se prorroga por un período de tres meses os contratos de dous oficiais-pavimentadores e seis operarios-pavimentadores, dende ó 1.09.06 ata ó 30 de novembro do 2006, adscritos ó servizo de Vías e obras, de conformidade co informe-proposta da Unidade de Persoal que sigue:

INFORME PROPOSTA: PRÓRROGA POR UN PERIODO DE TRES MESES DOS CONTRATOS DOS DOUS OFICIALES PAVIMENTADORES E SEIS OPERARIOS PAVIMENTADORES.

1º.- ANTECEDENTES.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 15 de maio do 2006, acordou a contratación laboral-temporal, por acumulación de tarefas de catro oficiais pavimentadores e catro operarios pavimentadores a través de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo. Expte. 16423/220.

As Comisións de Valoración constituídas para xulgar-lo proceso selectivo de ditas contratacións, e unha vez realizadas as probas, procede a calificación dos/as preseleccionados polo Servizo Galego de Colocación, obtendo os aspirantes as seguintes puntuacións,

- OFICIALES – PAVIMENTADORES:

RELACION DE CANDIDATOS PARA A CONTRATACIÓN DE CATRO OFICIALES PAVIMENTADORES E PROPOSTOS POLA COMISIÓN DE VALORACIÓN:

APELIDOS E NOME	NIF	PUNTUACIÓN	
COUSO MARTINEZ ANTONIO	35279440-Q	APTO	
CRISPIN MOSQUERA MANGELES	10798478-R	APTO	

Nesta selección a Comisión de Valoración acorda, (acta do 30.05.06), propoñer a Sra. Alcaldesa, cubrir os dous postos que quedan vacantes, por necesidades urxentes do servizo e debido a escasez de candidatos enviados polo servizo galego de colocación, contratándose aqueles aspirantes que se correspondan coas puntuacións máis altas da lista de reserva que se produza na selección de operarios/ pavimentadores.

- OPERARIOS-PAVIMENTADORES:

RELACION DE CANDIDATOS PARA A CONTRATACIÓN DE CATRO OPERARIOS PAVIMENTADORES E PUNTUACIÓNS OUTORGADAS POLA COMISIÓN DE VALORACIÓN:

APELIDOS E NOME	NIF	PUNTUACIÓN	
COUCEIRO BERDULLAS M PILAR	36.017.173-R	7	
GONZÁLEZ AGUIAR M ROSARIO	36.068.081-X	4	
GONZÁLEZ GONZALEZ LUIS FER	36.012.501-K	NON APTO	
GONZÁLEZ LÓPEZ M TERESA	36.095.946-E	7,5	

MARTÍNEZ CERVIÑO LUIS	35.076.869-Y	9	
RIO OLIVEIRA J.CARLOS (del)	36.004.151-C	9	
REY PIÑEIRO PILAR	35.993.522-V	NON APTO	
RODRIGUEZ PIÑEIRO SUSANA	36.091.864-B	6	
SIMÓN SIMÓN CARMEN	35.949.718-M	6	

A comisión de valoración, (acta 30.05.06), propón a Sra. Alcaldesa a contratación como operarios pavimentadores os seguintes aspirantes:

MARTÍNEZ CERVIÑO LUIS	35.076.869-Y
RIO OLIVEIRA J.CARLOS (del)	36.004.151-C
GONZÁLEZ LÓPEZ M TERESA	36.095.946-E
COUCEIRO BERDULLAS M PILAR	36.017.173-R
RODRIGUEZ PIÑEIRO SUSANA	36.091.864-B
SIMÓN SIMÓN CARMEN	35.949.718-M

Incrementátese esta contratación en dous operarios pavimentadores mais, para cubrir as dúas vacantes producidas na selección de oficiais pavimentadores, (acordo da comisión de valoración: acta 30.05.06), debido a escasez de candidatos enviados pola oficina de emprego e para paliar na medida do posible as necesidades urxentes do servizo.

- Pola Alcaldía-Presidencia procedéuse a formalizar os correspondentes contratos por un período de tres meses, dende 1.06.06 ata 31.08.06, coa categoría de Oficial-Pavimentador a:

APELIDOS E NOME	NIF	PUNTUACIÓN
COUSO MARTINEZ ANTONIO	35279440-Q	APTO
CRISPIN MOSQUERA MANGELES	10798478-R	APTO

Por sé-los aspirantes propostos pola comisión e que obtivéron a maior puntuación.

- Pola Alcaldía-Presidencia, procedéuse a formalizar os correspondentes contratos por un período de tres meses dende 1.06.06 ata 31.08.06, agás don Marcos Cruces Castro, que inicia o contrato o 11.07.06 e remata o 10.10.06., ocupando a vacante de dona Susana Rodriguez Piñeiro, e todos eles coa categoría de operarios-pavimentadores a:

MARTÍNEZ CERVIÑO LUIS		35.076.869-Y
RIO OLIVEIRA J.CARLOS (del)		36.004.151-C
GONZÁLEZ LÓPEZ M TERESA		36.095.946-E
COUCEIRO BERDULLAS M PILAR		36.017.173-R
RODRIGUEZ PIÑEIRO SUSANA	RENUNCIA: 2.06.06.	36.091.864-B
SIMÓN SIMÓN CARMEN		35.949.718M
MARCOS CRUCES CASTRO	DO 11.07.06 A 10.10.06.	36.103.722-R

2º.- PROPOSTA DA PRÓRROGA DOS CONTRATOS POR UN PERÍODO DE TRES MESES.

2.1.- Con data 18 de xullo do 2006, ó Enxeneiro Tco. do Servicio de Vías e Obras, solicita a prórroga de dito persoal, por tres meses mais, debido a que se tén previsto continuar co asfaltado de camiños en colaboración coa excelentísima Deputación de Pontevedra.

2.2.- En consecuencia, e debido as necesidades urxentes do Servicio de Vías e Obras, este Servicio de Persoal propón a Alcaldía-Presidencia, que proceda a formalizar a prórroga por un periodo de tres meses, dende 1.09.06 ata ó 30.11.06, a dous oficiais-pavimentadores e seis operarios pavimentadores, agás a prórroga de Marcos Cruces Castro,(operario-pavimentador), a cal iniciará ó día 11.10.06 e rematará ó 30.11.06., e dacordo coa modalidade contractual – contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose de actividade normal, (art. 15.1 do estatuto de traballadores e art. 1 e 3.1. do RD 2720/1998, de 18 de decembro), que establece un período máximo de seis meses.

2.3.- CUSTO TOTAL DAS PRÓRROGAS.....51.895.- EUROS.

- 2.3.1.-CUSTO OFICIAIS-PAVIMENTADOR:.....13.794.- EUROS

Básicas.....	564,39.- E.
C.D.....	346,02.- E.
C.E.....	<u>549,30.-E.</u>
TOTAL.....	1.459,71.-E

P.P.Extra..... 729,86.-E

S.S. Concello (35%)... 3.576,00.-E

2.3.2.- CUSTO 6 OPERARIOS PEÓNS.....38.101.- EUROS.

Básicas.....	515,24.- E.
C.D.....	346,02.- E.
C.E.....	<u>549,30.- E</u>

TOTAL.. 1.343,93.- E

P.P. EXTRA.. 671,97.- E

S.S. CONCELLO(35%) 9.878,00.- E

2.4.- ADSCRIPCIÓN: Cod. de oficial pavimentador: 243.

Cod. operario-pavimentador: 158.

Cod. Servicio Vías e Obras: 442.

II.- TCO. DE INSTALACIÓN DE REDES E EXPLOTACIÓN DE SISTEMAS INFORMÁTICOS.- Dáse conta a Xunta de Goberno Local da resolución da Alcaldesa de data 17 de agosto do 2006, pola que se prorroga ó contrato do Tco. de Instalación de Redes e Explotación de Sistemas Informáticos, don Ignacio Agulla Sousa, dende ó 1 de setembro do 2006 ata ó 30 do novembro do 2006:

INFORME-PROPOSTA: PRÓRROGA POR UN PERIODO DE TRES MESES.

1º.- ANTECEDENTES.-

1.1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 10 de abril de 2006, adoptou acordo para a contratación laboral-temporal por acumulación de tarefas, de un Tco. de Instalación de Redes e Explotación de Sistemas Informáticos para reforzar o servicio de Informática, (expte. 16347/220).

1.2.- A Comisión de Valoración constituída para xulgá-lo proceso selectivo de dita contratación, e unha vez realizadas as probas, procede a calificación dos/as preseleccionados polo Servicio Galego de Colocación, obtendo os aspirantes as seguintes puntuacións,

APELIDOS E NOME	NIF	1ª PROBA	2ª PROBA
AGULLO SOUSA IGNACIO MIGUEL	28590375-H	APTO	7.-
DEBESA GIL, ENRIQUE	33853594-D	APTO	5.-
DOMINGUEZ FERNANDEZ DAVID	36130996-C	APTO	0,5.-
MACEIRA GAREA, M. ANGEL	53175710-D	APTO	4.-
RAMOS PEDROSA RAMIRO	53176463-A	APTO	3,25.-
RODRIGUEZ ÁVILA, ABEL ANTONIO	34921514-Q	APTO	3,5.-

1.3.- Que pola Alcaldía-Presidencia procedéuse a formalizar o correspondente contrato coa categoría de Tco. de Redes e Explotación de Sistemas Informáticos, o aspirante que tivo a maior puntuación, sendo a contratación por un periodo de tres meses, baixo a modalidade contractual – contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose de actividade normal, (art. 15.1 do estatuto de traballadores e art. 1 e 3.1. do RD 2720/1998, de 18 de decembro).

2º.- PROPOSTA DE PRÓRROGA.-

2.1.- Con data 2 de agosto do ano que andamos, ó Xefe do Servicio de Informática e Comunicaci3ns, solicita a prórroga do contrato de dito técnico , por persistir a necesidade do servicio.

2.2.- En relación ó exposto, esta Unidade de Persoal, prop3n que pola Alcaldía-Presidencia, se proceda a formalizaci3n da prórroga do contrato do Tco. de instalaci3n de Redes e Explotaci3n de Sistemas Informáticos, don Ignacio Miguel Agullo Sousa, por tres meses mais, dende ó 1 de setembro do 2006, ata ó 30 de 11 do 2006, dacordo coa modalidade contractual –por acumulación de tarefas, (art. 15.1 do Estatuto dos Traballadores e art. 1 e 3.1 do Real Decreto 2720/98, de 18 de decembro), modelo de contrataci3n temporal que establece un periodo máximo de seis meses.

2.3.- IMPORTE RC.-

Ó custo de dita prórroga é de.....7.209,50.- €

Básicas: 564,39.- €  
C.D.: 390,39.- €  
C.E.: 571,03.- €  
1.525,81.- €

P. paga extra: 762,90.-€

S.S. cargo Concello (35%)

2.4.- Adscripción ó servicio de Informática, (cód. 113), e coa categoría do cod. do posto de traballo: 124 , o traballador contratado: Don Ignacio Miguel Agullo Sousa.

III.-TRES ORDENANZAS-PORTEIROS E UN ALGUACIL-NOTIFICADOR.- Dáse conta da resolución da Alcaldesa de data 8 de agosto do 2006, polo que se prorroga por un periodo de tres meses a tres ordenanzas-porteiros e un alguacil-notificador, dende ó 8 de setembro do 2006 ata ó 7 de decembro do 2006:

INFORME PROPOSTA: PRÓRROGA POR UN PERÍODO DE TRES MESES A TRES ORDENANZAS-PORTEIROS E UN ALGUACIL-NOTIFICADOR(EXPTE. 16610/220).

1º.- ANTECEDENTES.-

A Xunta de Goberno Local en sesión de 5 de xuño do 2006, acorda:

Primeiro.- Contratar a D<sup>a</sup> MARIA ESTHER GIL ALONSO, con NIF 36.135.964, D. JOSÉ FRANCISCO ALVAREZ MARTÍNEZ, con NIF 36.015.224, e D. ARTURO DEL RÍO GARRIDO, con NIF 36.083.805-W como ordenanzas-porteiros, que aceptaron expresamente, unha eventual contratación temporal pro circunstancias da produccion, por acumulacion de tarefas.

Os efectos da cobertura dun alguacil notificador , contratar a D JAVIER RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, con NIF 34.967.837-V, que aceptou expresamente unha eventual contratación temporal por circunstancias da produccion, por acumulacion de tarefas como alguacil notificador

O periodo de contratación seria de tres meses a iniciar o día 1 de xuño de 2006 , cun contrato eventual por circunstancias da produccion por acumulacion de tarefas, regulado polo R:D: legislativo 1/1995 , Estatuto dos traballadores , art 8.2 e 15, Lei 63/97 e RD 272/98 ,d e 18 de decembro.

Pola Alcaldía-Presidencia, con data 8-06-2006, procedéuse á formalización dos correspondentes contratos ós/ás candidatos/as propostos, dende 8.06.06 ata 7.09.06 e coa adscripción de ditos postos de traballo ó Servicio de Conserxería e cos códigos que se mencionan de seguido.

Código Servicio de Conserxería: 201.

Código Retrib. posto de traballo de Ordenanza-Porteiro: 155.

Código Retrib. posto de traballo de Alguaci-Notificador: 152.

2º.- PROPOSTA PRÓRROGA.-º

2.1.- Con data 18 de xullo do 2006, ó Oficial Conserxe, co conforme da Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, dona Marta Iglesias Bueno, solicita a prórroga dos ordenanzas-porteiros e do alguacil notificador, contratados.

2.2.- En relación ó exposto, este Servicio de Persoal, propón que pola Alcaldía-Presidencia, se proceda a formalización da prórroga por un periodo de tres meses, do contrato dos tres ordenanzas-porteiros, dende ó 8 de setembro do 2006 ata ó 7 de decembro do 2006, dacordo coa modalidade contractual-por acumulación de tarefas, (art. 15.1 do Estatuto dos Traballadores e art. 1 e 3.1 do Real Decreto 2720/98, do 18 de decembro), modelo de contratación temporal que establece un periodo máximo de seis meses.

2.3.- IMPORTE RC.- .....22.822.- EUROS.

2.3.1.- Custo da prórroga de tres meses de 3 ordenanzas .....17.039.- Euros.

Básicas/més.....515,24.- E.

C.D./mes.....301,60.-E.

C.E./mes.....512,77.-E.

TOTAL/MES.....1.330,00.-E.

P.P.EXTRA..... 217,25.-E.

S.S. CONCELLO (35%)

2.3.2.- Custo da prórroga de tres meses de un alguacil-porteiro..... 5.843.- Euros.

Básicas/més.....515,24.- E.

C.D./mes.....301,60.- E.

C.E./mes.....549,30.- E.

Total/..... 1.366,14.-E.

P.p.extra..... 227,69.-E.

S.S. Concello... (35%)

IV.- UN ADMINISTRATIVO- Dáse conta a Xunta de Goberno local da resolución da Alcaldesa de data 18 de agosto do 2006, pola que se prorroga ó contrato do administrativo don Juan Comesaña Rocha dende ó 1 de setembro ó 30 de novembro do 2006, dacordo co informe-proposta que segue:

INFORME PROPOSTA: PRÓRROGA DO CONTRATO DE UN ADMINISTRATIVO POR TRES MESES.

1º.- ANTECEDENTES.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 10 de abril do 2006, acordou a contratación laboral-temporal, por acumulación de tarefas de un administrativo durante un período de tres meses (Expte. 16348/220), para a Área de Servizos Sociais.

A Comisión de Valoración constituída para xulgar-lo proceso selectivo de dita contratación, e unha vez realizadas as probas, procede a calificación dos/as preseleccionados polo Servizo Galego de Colocación, (acta de 24 de maio do 2006), obtendo os aspirantes as seguintes puntuacións,

APELIDOS E NOME	NIF	PROBA TEST	PROBA INFORMÁTICA	MEDIA
AGULLA IGLESIAS CAROLINA	36.144.436-M	-	-	-
COMESAÑA ROCHA, JUAN	36.125.883-J	10	5,5	7,75
FERNANDEZ PÉREZ, BLANCA	36.032.566-F	6	7	6,50
GÓMEZ PEREZ, ANA MARIA	36.099.625-K	-	-	-
GONZALEZ ESTÉVEZ, YANIRA	34.628.036-H	4,5	5,5	5
RAMOS DEVESA, M. NIEVES	36.036.951-E	5	5,5	5,25

SELAS VÁZQUEZ, LIDIA	00.399.868-J	-	-	-
----------------------	--------------	---	---	---

Que pola Alcaldía-Presidencia procedéuse a formalización do correspondente contrato coa categoría de Administrativo a Don Juan Comesaña Rocha , por sé-lo aspirante que obtivo o primeiro posto, sendo dita contratación por un periodo de tres meses, dende 1 de xuño do 2006 ata ó 31 de agosto do mesmo ano, e baixo a modalidade contractual – contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose de actividade normal, (art. 15.1 do estatuto de traballadores e art. 1 e 3.1. do RD 2720/1998, de 18 de decembro).

2º.- PRÓRROGA E CONSIGNACIÓN.-

2.1.- Con data 18 de xullo do 2006, a Xefa de Patrimonio Histórico, dona Maria Gómez Janeiro, solicita a prórroga de dito contrato por un periodo de tres meses mais.

2.2.- COSTE PRÓRROGA.-

Salario base.....	690,23.- Euros.
C.D.....	390,39.- Euros.
C.E.....	<u>432,37.- Euros.</u>
	1.512,99.- Euros.
P.P. Paga Extra.....	756,50.- Euros.
1512,99 x 3 meses.....	4.538,97.- Euros.
p.p. paga extra.....	<u>756,50.- Euros.</u>
Total salario.....	5.295,47.- Euros.
S.S. cuota 35 %	
<u>COSTE TOTAL.....</u>	<u>7.148,89.- Euros.</u>

2.3.- PROPOSTA .- En relación o exposto, a funcionaria que subscribe, propón que pola Alcaldía-Presidencia, se proceda a formalización da prórroga do contrato do administrativo: don Juan Comesaña Rocha, por un periodo de tres meses mais, dende 1.09.06 ata ó 30.11.06, baixo a modalidade contractual – contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose de actividade normal, (art. 15.1 do estatuto de traballadores e art. 1 e 3.1. do RD 2720/1998, de 18 de decembro), modelo de contratación temporal que establece un prazo contractual máximo de seis meses.

2.4.- ADSCRIPCIÓN.- A adscripción a efectos presupostarios é a seguinte:

Cód. posto de traballo : 105, (Denominación posto: Administrativo)  
Cód. Servicio de Patrimonio Histórico: 413.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**29(1826).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ENCOMENDA DE FUNCIONES A D<sup>a</sup>. CRISTINA GÓMEZ GARCÍA. EXPTE. 16912/220.**

Dáse conta do decreto de Alcaldía de data 11.12.06, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*En data 12/09/2006 a técnica da Oficina Municipal do Voluntariado puxo en coñecemento da Unidade de Persoal a situación de carencia de persoal existente no devandito servizo; situación que se viu agravada pola incapacidade temporal derivada da maternidade da devandita técnica, de xeito tal que no momento actual unicamente se atopa prestando servizos na dita unidade un funcionario oficial de servizos múltiples.*

*Considerando o disposto no artigo 66 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civiles da Administración Xeral do Estado -de aplicación supletoria ao persoal ó servizo da Administración Local- onde se establece que en casos excepcionais poderáse atribuír aos funcionarios o desempeño temporal de funcións especiais non asignadas especificamente nos postos incluídos nas relacións de postos de traballo, ou a realización de tarefas que, por causa do seu maior volume temporal ou outras razóns coxunturais, non poidan ser atendidas con suficiencia polos funcionarios que desenvolvan con carácter permanente os postos de traballo que teñan asignadas as ditas tarefas, suposto no cal se continuará percibindo as retribucións correspondentes aos seus postos de traballo, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo ás que poidan ter dereito no seu caso;*

*Vistas as competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confiren á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,*

**RESOLVO**

*“Primeiro.- Ordena-la atribución temporal de funcións de supervisión da Oficina Municipal do Voluntariado á funcionaria D<sup>a</sup> Cristina Gómez García, con nº de persoal 78.121 e DNI 36.098.882-Z, traballadora social que desenvolve as tarefas inherentes ao seu posto no Servizo da Muller, motivada na situación de incapacidade temporal por maternidade de D<sup>a</sup> Beatriz Gómez Ouro. Dita atribución temporal de funcións exercerase nos termos e condicións do previsto no artigo 66 do Real Decreto 364/95, do 10 de marzo, do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos funcionarios civiles da Administración Xeral do Estado, e a funcionaria citada continuará percibindo as retribucións correspondentes ao seu posto de traballo de administrativa de admón. xeral, sen prexuízo das indemnizacións por razón do servizo ás que poida ter dereito en cada caso.*

*Segundo.- Dispoñer a cesación inmediata da atribución temporal de funcións no momento no cal se produza a incorporación da funcionaria D<sup>a</sup> Beatriz Gómez Ouro.*

*Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado á interesada, xefes/as dos servizos correspondentes e concelleiros/as-delegados/as da Áreas afectadas, Unidade de Persoal (Organización e Métodos), Intervención Xeral, así como ao Comité de persoal.*



Cuarto.- *Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.*

*Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **30(1827).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DE DIVERSOS SERVIZOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES ÓS MESES DE OUTUBRO-NOVEMBRO 2006. EXPTE. 16911/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20.12.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 15.12.06, conformado pola xefa da Unidade de Persoal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o gasto por un importe de 5.438,10 € correspondente ás indemnizacións por desprazamento no termo municipal por razóns do servizo do persoal municipal, correspondentes aos servizos de Limpeza, Vías e Obras, Seguridade, Educación, Participación Cidadá, Benestar Social, Cemiterios, Museo Quiñónes e Contratación con cargo á clasificación económica do orzamento 231.00.00 -Gastos de Locomoción.

FUNCIONAL	SERVICIO	IMPORTE
4420	Limpeza	1.519,80
5110	Vías e Obras	2.314,75
2220	Seguridade	752,78
4220	Educación	465,50
4631	Participación cidadá	61,75
3130	Bienestar Social	50,55
4430	Cemiterios	132,24
4513	Museo Quiñónes	43,32
1211	Contratación	97,41
		5.438,10

### **31(1828).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVEMBRO DE 2006. EXPTE. 16890/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.12.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.12.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de novembro-2006, e que ascenden a un total de 1.108'25 € (MIL CENTO OITO EUROS CON VINTECINCO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS

**32(1829).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVEMBRO DE 2006. EXPTE. 16892/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.12.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.12.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e remata por Don Rogelio Rocha Alvarez, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de NOVEMBRO-2006 e que ascenden a un total 701'34 € (SETECENTOS UN EUROS CON TRINTA E CATRO CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**33(1830).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS POR XORNADA PARTIDA CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVEMBRO DE 2006. EXPTE. 16913/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.12.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 15.12.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo de Vías e Obras, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comeza por don Antonio Couso Martínez e remata por don Marcos Cruces Castro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de NOVEMBRO-2006, e que ascenden a un total de 400,14 €, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00.

**34(1831).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVEMBRO DE 2006. EXPTE. 16891/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.12.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.12.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ó persoal do Parque Móbil da relación que se achega no expediente e que comeza por don Antonio Amoedo García e remata por don José Luis Villarroel Vila, as cantidades que figuran para cada un deles que ascende a un total de 25'59 € (VINTECINCO EUROS CON CINCOENTA E NOVE CÉNTIMOS), correspondente ó mes de NOVEMBRO de 2006, de conformidade coa instrucción terceira, apartado c) sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal o servizo da corporación e dos seus organismos autónomos para o exercicio 2005 establece que aboarase con cargo ó complemento de productividade, a actividade extraordinaria derivada da toxicidade do persoal que traballa sen habitualidade no vertedeiro do zondal, con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00.

**35(1832).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DE VÍAS E OBRAS QUE NON DISFRUTOU XORNADA REDUCIDA DE VERÁN. EXPTE. 16903/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.12.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.12.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar ó persoal de Vías e Obras das relacións que se achegan no expediente e que comezan por don José Luis Amoedo Mosquera e rematan por don Miguel Angel Alonso Cué, os importes que figuran para cada un deles e que ascende a un total de 428'26 € (CATROCENTOS VINTEOITO EUROS CON VINTESEIS CÉNTIMOS), como compensación por non disfrutar en todo ou en parte da xornada de verán prevista no artigo 11 do convenio.

**36(1833).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA DO PERSOAL DE CEMITERIOS. EXPTE. 16889/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.12.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.12.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ao mes de NOVIEMBRE-2006, e que ascenden a un total de 610'20 € (SEISCENTOS DEZ EUROS CON VINTE CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións”.

**37(1834).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.12.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.12.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo do “125 Aniversario da Policía Local”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran na relación que se achegan e que comeza por don Moisés Calvar Ríos e remata por don José Ignacio Vicente Ferreira, por unha cantidade total de 891,20 € .

**38(1835).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL, CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVIEMBRE 2006. EXPTE. 16896/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.12.06 e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 13.12.06, conformado polo primeiro tenente de alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas no expediente e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servizo de Cemiterios e rematan por don Jesús Castro Naveiras de Relacións Públicas, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 112.179'10 € (CENTO DOCE MIL CENTO SETENTA E NOVE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de NOVIEMBRE de 2006.

SERVICIO	IMPORTE
CEMENTERIOS	2.159'25
POLICÍA LOCAL	62.069'69

	39.402'36
	2.162'24
ALCALDÍA	324'01
	1.167'28
	153'83
	2.283'70
	1.353'36
	301'14
	539'12
	240'50
	22'62
TOTAL	112.179'10

**39(1836).- PROPOSTA DE CONCESIÓN DE PREMIOS DO PRIMEIRO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE TURISMO DE VIGO. EXPTE. 2014/104.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, do 11.12.06, conformado pola concelleira de dito Servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a relación de premiados que figuran de seguido e os premios que, conforme as Bases do Primeiro Concurso de Fotografía Turismo de Vigo”, lles corresponden:

- ✘ PRIMEIRO PREMIO: D. J. Manuel Gómez Segade, NIF. 75.837.299-C, cuenta bancaria CAIXA GALICIA 2091.0785.15.3040003844, lle corresponde a cantidade de 1.200 €.
- ✘ SEGUNDO PREMIO: D. J. Carlos Prieto Bautista, NIF. 36.135.670-W, cuenta bancaria CAIXANOVA 2080.0137.43.0000039227, lle corresponde a cantidade de 800 €.
- ✘ TERCEIRO PREMIO: D. J. Ignacio Boubeta Sánchez, NIF. 78.739.180-Z, cuenta bancaria BANCO PASTOR 0072.0412.16.0000101460, lle corresponde a cantidade de 500 €.
- ✘ PRIMEIRO ACCESIT: D<sup>a</sup>. Eva Alonso Berdasco, NIF. 09.373.495-Y, cuenta bancaria CAIXANOVA 2080.0475.52.0000112750, lle corresponde a cantidade de 200 €.
- ✘ SEGUNDO ACCESIT: D. J. Carlos Prieto Bautista, NIF. 36.135.670-W, cuenta bancaria CAIXANOVA 2080.0137.43.0000039227, lle corresponde a cantidade de 200 €.
- ✘ TERCEIRO ACCESIT: D. Xosé Varela Vilariño, NIF 33.830.321-N, cuenta bancaria 0182.6829.44.0202852091, lle corresponde a cantidade de 200 €.

**40(1837).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL SOBRE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSAICÓN DA UE I-06 ROSALÍA DE CASTRO 2. EXPTE. 4389/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Xerencia de Urbanismo, do 5.12.06, que di o seguinte:

FEITOS

1.- En data 14 de febreiro de 2005 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación da UE "I-6 Rosalía de Castro 2", na súa última versión corrixida, con memoria e planos datados en setembro de 2004 e febreiro de 2005.

Dito Acordo notificóuselle a D. Rodolfo Sánchez Jalda no día 7 de marzo de 2005, con indicación dos recursos que se podían interpór contra él, e do prazo máximo establecido para facelo (Fº 1240 do expte. admvo.).

2.- No día 20 de xuño de 2006 D. Rodolfo Sánchez Jalda interpuxo Recurso de Reposición contra o devandito Acordo de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación. Déuselle traslado dunha copia do Recurso á Xunta de Compensación, que procedeu a rebatilo mediante outro escrito presentado no 07/07/2006. No 15/09/2006 D. Rodolfo Sánchez Jalda presentou na Xerencia de Urbanismo un novo escrito completando o seu recurso anterior. Notificóuselle unha copia do mesmo á Xunta de Compensación, que procedeu a respostalo con outro interposto no 18/10/2006. No día 25/10/2006 D. Rodolfo Sánchez Jalda presentou un último escrito insistindo nos seus argumentos impugnatorios.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Procede inadmitir de plano o citado Recurso de Reposición de D. Rodolfo Sánchez Jalda, por extemporáneo.

Efectivamente, o Acordo impugnado foi notificado correctamente ao recorrente en data 7 de marzo de 2005. O prazo máximo para a interposición do Recurso potestativo de reposición –un mes- rematou no día 7 de abril de 2005, como resulta do disposto no art. 117 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXA-PAC). Sen embargo, o Recurso que agora se examina non se interpuxo nesta Administración municipal ata o día 20 de xuño de 2006, moito tempo despois de concluído dito término.

O prazo para a interposición de recursos administrativos é preclusivo e improrrogable, debendo ser inadmitido de oficio o presentado extemporaneamente. Así o recoñeceu unha consolidada xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo, podéndose citar deste último (Sª 3ª), a modo de exemplo, as súas Sentencias do 02/03/2001 (ponente: Sr. Yagüe Gil), 03/07/2000 (Arz. 6243), 13/06/2000 (Arz. 6390), 02/11/2000 (Arz. 9702 e 9430), 20/11/2000 (Arz. 10492), así como as do TSX Galicia do 24/12/1997 e 11/11/1994.

Asemade, dito máximo Tribunal considerou ó respecto na súa Sentencia do 04/10/2000 (ponente: Sr. Soto Vázquez, Arz. 8453) que:

"(...) la Jurisprudencia de esta Sala es reiterada y unánime, requiriendo su aplicación taxativa en el caso de que se acredite el transcurso de los plazos correspondientes, sin que la circunstancia de que el exceso sea de un solo día pueda subsanar el defecto - Sentencias, entre las últimas pronunciadas, de 30 de enero y 4 de abril de 1998 (Arz. 585 y 3038) y 13 de febrero y 9 de junio de 1999 (Arz. 1214 y 4269). En consecuencia, no cabe pretender eludir su cumplimiento por razón del breve lapso de tiempo excedido".

En consecuencia, procede inadmitir-lo devandito Recurso de Reposición, sen entrar a valorar o fondo do asunto.

É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 Lei 7/1985, do 4 de abril, de Bases do Réxime Local.

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte A C O R D O:

**PRIMEIRO:** Inadmitir, por extemporáneo, o Recurso de Reposición interposto por D. Rodolfo Sánchez Jalda contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 14/02/2005 de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da UE I-06-Rosalía de Castro 2 (Expte. 4389/401).

**SEGUNDO:** Notifíquese o contido íntegro deste Acordo ao recorrente e á Xunta de Compensación do polígono, coa indicación de que contra él cabe interpór recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **41(1838).- RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL SOBRE SOLICITUDE DE RECOÑECIMENTO DE DEREITOS URBANÍSTICOS POLA SUPOSTA CESIÓN DUN TERREO PARA O ENSANCHE DO CAMIÑO FONDO-CASTRELOS. EXPTE. 47987/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do secretario da Xerencia de Urbanismo, do 5.12.06, que di o seguinte:

#### FEITOS

1º.- No 17/10/2005 Dª Paula Fernández Alonso, solicitou desta Administración municipal o recoñecemento aos efectos urbanísticos procedentes de varias cesións que manifesta se efectuaron anos atrás sobre un terreo a monte denominado "Alto da Pousa" sito no lugar de Falcoa, entre os camiños Fondo e Nogueira de Arriba, para o ensanche e mellora dos mesmos.

Invocou como título de propiedade da finca de referencia Escritura Pública de "manifestacións e aceptación de herencias" outorgada no 01/04/1998 perante o notario de Vigo D. Álvaro Lorenzo-Fariña Domínguez co núm. 612 do seu protocolo.

2º.- Segundo Informe do enxeñeiro técnico municipal de obras públicas do 10/02/2006 obrante no expte, o terreo en cuestión no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 ostenta a clasificación de solo urbanizable non programado, incluído no núcleo 0613 Falcoa 1B – PAU 1.

3º.- No 06/02/2006 os técnicos municipais do departamento de Cartografía da Xerencia municipal de Urbanismo efectuaron unha medición e comprobación do terreo acadando a conclusión de que coa documentación aportada no mellor dos casos só se podería acreditar a cesión de 35 m2 de superficie, no fronte da parcela ao camiño de Nogueira de Arriba. En data 23/05/2006 o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento e Xestión emitiu Informe e Proposta de Resolución.

4º.- No 14/06/2006 a Xunta de Goberno Local acordou recoñecer “os dereitos urbanísticos que correspondan” sobre unha porción de 35 m2 de superficie para o ensanche do camiño de Nogueira de Arriba, con certos condicionantes.

5º.- En data 18/07/2006 Dª Paula Fernández Alonso interpuxo Recurso de Reposición contra o devandito Acordo, solicitando o recoñecemento de edificabilidade e demais dereitos urbanísticos que correspondan pola suposta cesión gratuita dunha superficie de 269 m2 para o ensanche do camiño Fondo.

No 29/11/2006 o topógrafo municipal emitiu Informe desfavorable sobre a referida solicitude.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

De acordo cos Informes da oficina municipal de Cartografía obrantes no expediente, non consta fidedignamente acreditada a titularidade da recorrente sobre a franxa de terreo que reclama no camiño do Fondo, lugar da Falcoa, Parroquia de Castrelos.

A Xerencia de Urbanismo carece de competencia para determinar ou adxudicar dereitos dominicais sobre bens que dende moito tempo atrás se integran no dominio público municipal. Especialmente en casos coma éste nos que a pretendida titularidade da recorrente sobre ditos bens non consta suficientemente acreditada.

Dita interesada poderá, se o desexa, promover un procedemento administrativo de investigación ou deslinde de conformidade co disposto nos arts. 46 e ss. RD 1372/1986, do 13 de xuño, aprobatorio do Regulamento de Bens das Entidades Locais, ante o órgano competente para elo, que é a oficina municipal de “Patrimonio”.

É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 116 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En virtude do exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adoución do seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Desestima-lo recurso de reposición interposto por Dª Paula Fernández Alonso contra o Acordo da Xunta de Goberno Local do 12/06/2006, sobre solicitude de recoñecemento de dereitos urbanísticos pola suposta cesión dun terreo para o ensanche do camiño Fondo, no lugar da Falcoa, Castrelos, polos motivos que se sinalan na parte expositiva deste Acordo. (expte. 47987/250).



*SEGUNDO: Notifíquese o contido íntegro deste acordo á recorrente, coa advertencia de que contra él cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquese tamén á oficina municipal de Patrimonio..*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **42(1839).- CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO, FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS “EDUARDO CHAO” E AQUALIA –FCC VIGO UTE, ASINADO O 21.12.06, PARA RATIFICACIÓN. EXPTE. 51088/250.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vista a dilixencia do concelleiro de Servizos Xerais, do 22.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Ratificar o Convenio entre o Concello de Vigo, A Federación de Asociacións Veciáis “Eduardo Chao” e a concesionaria do Servizo municipal de abastecemento e saneamento de auga de Vigo, “Aqualia-FCC Vigo UTE” para a cesión ao Concello da rede de sumidoiros de titularidade veciñal para o seu acondicionamento e integración na rede de colectores municipais, asinado o 21.12.06, tal e como se transcribe de seguido.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO, A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS “EDUARDO CHAO” E A CONCESIONARIA DO SERVIZO MUNICIPAL DE A BASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA DE VIGO, “AQUALIA-FCC VIGO UTE” PARA A CESIÓN AO CONCELLO DO ALCANTARILLADO DE TITULARIDADE VECIÑAL PARA O SEU ACONDICIONAMENTO E INTEGRACIÓN NA REDE DE COLECTORES MUNICIPAIS.*

*Na cidade de Vigo a vinteun de decembro de 2006.*

*REUNIDOS:*

*Dunha parte, a Excm. Sra. Dona Corina Porro Martínez, na súa calidade de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo.*

*Doutra, Dona Elena González Sanchez, como Presidenta da Federación de Asociacións Veciñais “Eduardo Chao”.*

*E doutra, Don Lucas Diaz Gázquez en representación da concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga de Vigo, “Aqualia-FCC Vigo UTE”.*

*Todos eles interveñen en razón dos cargos que ostentan, en nome das entidades en representación das que actúan e contando con plena capacidade e lexitimación. E de común acordo*

#### **EXPOÑEN:**

*I.- Que a Federación de Asociacións Veciñais de Vigo, “Eduardo Chao”, actúa en representación das Asociacións Veciñais das parroquias de Vigo que contan con alcantarillados veciñais e das súas respectivas Comunidades de Propietarios según a relación de redes incluída no “Inventario de Colectores Veciñais” incluído no “Proxecto de Acondicionamento de Colectores Veciñais para a súa incorporación á rede xeral de saneamento” que se incorpora como Anexo I a este documento.*

*Neste senso convén resaltar que a medio de escrito de data 14 de novembro pasado, cuxa copia tamén se adxunta como Anexo II, Don Enrique Rodríguez Bastos, na súa calidade de vogal de saneamento da Federación Veciñal de Vigo, achegou ao Concello o consentemento das Asociacións de Veciños que no mesmo figuran, para a cesión ao Concello dos dereitos que a estas Asociacións lle corresponden sobre a devandita rede de saneamento veciñal, a fin da súa incorporación á rede municipal de saneamento.*

*Non obstante, aínda que a citada rede veciñal discorre na súa maior parte por terreos públicos, existe unha pequena parte que o fai por fincas privadas. En canto a estes últimos non figura o consentemento á cesión dos seus titulares, polo que deberá ser obtido polo Concello por calquera dos medios legalmente previstos.*

*II.- Que o Concello de Vigo, concretamente a súa Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 14 de decembro de 2005, adoptou acordo encomendando a “Aqualia-FCC Vigo UTE” a execución de determinadas obras en materia de sumministración e saneamento de auga. Entre estas atópase a de acondicionamento de colectores veciñais, segundo Proxecto aprobado polo mesmo Órgano en sesión de 24 de outubro de 2005 cun orzamento de contrata de 1.583.202,87 €, financiado con cargo aos fondos dispoñibles no Convenio aprobado en virtude de acordo do citado Órgano de data 29 de setembro de 2004.*

*III.- Que “Aqualia-FCC Vigo UTE” aceptou no seu día a execución das referidas obras con suxección estricta ao previsto no Proxecto á que se fai referencia no apartado anterior.*

*Por isto as partes intervintes suscriben o presente Convenio con arranxo ás seguintes*

#### **CLÁUSULAS:**

*Primeira.- A Federación de Asociacións Veciñais “Eduardo Chao” cede gratuitamente ao Concello de Vigo a totalidade dos seus dereitos sobre as redes de alcantarillado veciñais que figuran no anexo I deste documento, para a súa incorporación á rede de saneamento municipal.*

*O Concello de Vigo acepta a cesión e comprométese a efectuar todos os trámites precisos para a súa inclusión no Inventario Municipal de Bens e Dereitos e a cesión da súa explotación á Concesionaria do abastecemento e saneamento de auga “Aqualia-FCC Vigo UTE”.*

Segunda.- O Concello de Vigo, a través da referida Concesionaria do Servizo comprométese á execución das obras de acondicionamento da referida rede con estricta suxección ao Proxecto de acondicionamento de colectores veciñais, aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 24 de outubro de 2005, cun orzamento de contrata de 1.583.202,87 €, que se financiará da forma prevista en dito Acordo.

Terceira.- Respecto á parte da rede de colectores que discurre por fincas privadas o Concello comprométese a elaborar un parcelario de ditas fincas e, á petición da Concesionaria do Servizo, a obter o consentemento dos seus propietarios para establecer ao seu favor as correspondentes servidumes de condución do saneamento por aquelas. No caso de non obtelo a impondría con arranxo á Ley de Expropiación Forzosa.

Cuarta.- “Aqualia-FCC Vigo UTE” comprométese a executar as referidas obras nos prazos establecidos no Proxecto, que deberán ser recibidas polo Concello para a súa incorporación á rede municipal de saneamento.

Finalizadas as obras e recibidas polo Concello, esta rede integrarase na “Rede municipal” a todos os efectos, polo que deberá ser mantida e explotada pola Concesionaria do Servizo nas condicións contractualmente establecidas co Concello no seu día.

Quinta.- Se no futuro aparecen novos colectores veciñais que técnicamente foran susceptibles de integrarse na rede municipal de saneamento, o presente Convenio, mentres permaneza vixente, servirá de marco para a súa integración.

Sexta.- A duración do presente Convenio establécese nun ano prorrogable tácitamente por períodos de igual duración senon media denuncia de calquera das partes con dous meses de antelación ao seu vencemento.

Non obstante o Convenio extinguirase automaticamente cando quede acreditado que non existe ningún alcantarillado veciñal susceptible de ser integrado na rede do saneamento municipal dentro do termo municipal de Vigo.

Séptima.- Todos os gastos e impostos derivados da cesión onerosa dos colectores veciñais obxecto do presente Convenio serán por conta do Concello ou de “Aqualia-FCC Vigo UTE” según proceda en virtude do contrato existente entrámbalas dúas Entidades.

Oitava.- A validez e eficacia do presente Convenio queda supeditada á súa ratificación polos Órganos competentes dos organismos intervincentes.

Novena.- Para a resolución das cuestións litixiosas que resulten da aplicación, interpretación e resolución do presente Convenio, as partes sométense con exclusión de calquera outro fuero, á xurisdición dos Xulgados e Tribunais de Vigo.

E en proba de conformidade as partes intervincentes asinan o presente Convenio e os seus Anexos en triplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

**43(1840).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN, EXECUCIÓN, REPOSICIÓN E MANTEMENTO DA**

**SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 72844/210.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20.12.06, o documento contable RC acreditando a existencia de saldo suficiente para o gasto que se propón realizar, e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 20.12.06, conformado polo concelleiro do Área de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Modificar o contrato da prestación dos servizos de subministración, execución, reposición e mantemento da sinalización horizontal e vertical no termo municipal de Vigo suscrito coa empresa Aplicación de Pinturas API, S.A. no sentido de aumentar a prestación do servizo polas novas necesidades de sinalización de rutas de tráfico pesado, sinalización nde radares fixos, sinalización informativa de trafico complementaria da turística e a nova sinalización a implantar con motivo do plan parroquias.

O aumento do prezo do contrato fixase nun unico pagamento de 55.000 euros que se imputará á partida 2220.601.0000

**44(1841).- PAGAMENTOS DE DEREITO DE AUTOR Á SOCIEDADE XERAL DE AUTORES E EDITORES (SGAE). EXPTE. 2068/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas e A. Sociocultural, do 21.12.06, conformado polo concelleiro de dito Servizo e pola interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar un gasto por un importe total de 61.611,86 euros (53.113,67+ 8.498,19 de ive) en concepto dos dereitos de autor derivados da realización das actividades e espectáculos incluídos no programa das *Festas do Cristo da Victoria 2006*, con cargo á partida 451.2.227.06.02 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio. Este pagamento realizarase á Sociedade Xeral de Autores (SGAE), CIF G-28029643.

**45(1842).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA ACCIÓN 2 E 5 DO PROXECTO “VIGO DIXITAL”. EXPTE. 1127/321.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 11.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o concurso para a contratación da acción 2 e 5 “Formación de nenos, profesores e persoal sanitario e sistema de seguemento de educación básica no ámbito hospitalario e domiciliario do proxecto Vigo Dixital. Expte. 1127/321, Fujitsu España Services, S.A., por un importe de 237.600 euros. todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13.11.2006 e a oferta presentada.

**46(1843).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA ACCIÓN 4 “MARKETING E PROMOCIÓN” DO PROXECTO VIGO DIXITAL. EXPTE. 1126/321.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 11.12.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o concurso para a contratación da acción 4 “Marketing e Promoción” do proxecto “Vigo Dixital”. Expte. 1126/321, Alberto Rodríguez Vázquez, por un importe de 68.000 euros. todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 13.11.2006 e a oferta presentada.

**47(1844).- PROXECTO DE CONVENIO COA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMÓNS. PÚBLICAS E XUSTIZA PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E INSERCIÓN SOCIO-LABORAL PARA INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS NESTE CONCELLO. EXPTE. 18970/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 10 de decembro emitido pola xefa da sección de Planificación de Servizos Sociais e conformado pola delegada de participación Cidadá, co intervido e conforme do interventor xeral en data 21 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio de cooperación entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Xunta de Galicia, e o Concello de Vigo co texto que se transcribe ó final deste acordo, para levar a cabo un programa de información, orientación e inserción socio-laboral para inmigrantes e emigrantes retornados neste Concello, e que será suscrito polo Sr. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Excma. Alcaldesa de Vigo cunha achega autonómica de 80.248,50 euros para gastos de persoal e coas estipulacións contidas no mesmo.

Segundo.- Así mesmo, contratar dende o 01.01.07 ata o 15.12.07 dando así cumprimento ó expresado no ultimo parágrafo do informe xurídico de non superar o vintecatros meses de contrato. O equipo técnico de traballo que vai implementar as accións durante o período de tempo mencionado, contrátanse ó abeiro do convenio de cooperación entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Vigo, as seguintes persoas:

- Avogada: Paula Piñeiro Portela
- Traballadora Social: Rosario Romero Baamonde
- Administrativa: Nuria González González”

Terceiro.- O tipo de contrato será por obra ou servizo, e o gasto, incluída a Seguridade Social imputado á partida 3130.131.00.02, gastos persoal programa emigración 2007.

Cuarto.- Ó se tratar dun expediente anticipado de gasto, a xeración de crédito no estado de gastos do orzamento para facer fronte ás obrigas contractuais que se deriven do devandito convenio, instrumentárase unha xeración de crédito con data 2 de xaneiro (martes); o financiamento substanciaráse no acordo da Consellería de Presidencia que financia a totalidade do gasto (OITENTA MIL DOUSCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS )

Quinto.- Pola Unidade de Persoal formalizaráanse os contratos correspondentes, alta en Seguridade Social e demais trámites necesarios para a efectividade do presente acordo.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO UN PROGRAMA DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E INSERCIÓN SOCIO-LABORAL PARA INMIGRANTES E EMIGRANTES RETORNADOS NESTE CONCELLO.*

*En Santiago de Compostela, a        de        de 2007*

*REUNIDOS*

*Dunha banda, D. Manuel Luis Rodríguez González, na súa condición de secretario xeral de Emigración, nomeado polo Decreto 419/2005, do 25 de agosto, en nome e representación da Xunta de Galicia e, en virtude da desconcentración de competencias que lle atribúe a disposición adicional segunda, apartado b) do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, pola que se establece a estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.*

*E doutra, Dna. Corina Porro Martínez, que actúa en nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcaldesa-Presidenta do mesmo.*

*Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas*

#### MANIFESTAN

*I.- Que as Administracións Públicas poden realizar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no artigo 3 da Lei de contratos das administracións públicas.*

*II.- Que segundo os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística a 1 de xaneiro de 2005 o Concello de Vigo ten censados un total de 11.571 estranxeiros, aos que hai que engadir os emigrantes retornados e aos seus descendentes.*

*III.- Que a Secretaría Xeral de Emigración, centro directivo que segundo o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, é o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en política inmigratoria e de retorno en Galicia, así como a xestión de todos os procedementos que desas materias se deriven.*

*IV.- Que, ao abeiro do Convenio de Colaboración asinado o 14 de febreiro de 2006 entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e o Concello de Vigo, estase a desenvolver un programa de asesoramento xurídico e socio-laboral para inmigrantes e emigrantes retornados para o que foi contratado persoal especializado na materia.*

*V.- Que, dado o anterior, considérase necesario dar continuidade para o ano 2007 ao dito proxecto de atención a estes colectivos, como medio para contribuír á súa mellor integración social e laboral, e así atender as peticións de información que estes colectivos están a presentar.*

*VI.- Á marxe do anterior, con data 06 de outubro de 2005, o Consello da Xunta de Galicia autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en nome da Xunta de Galicia, e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, para o desenvolvemento de actuacións de acollida e integración de persoas inmigrantes, así como de reforzo educativo. O convenio, que foi asinado con data 25/10/2005, ten duración anual, prorrogándose automaticamente salvo no referente ás contías económicas.*

*As actuacións desenvolvidas pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de atención á poboación inmigrante extracomunitaria son consontes co establecido no “Marco de Cooperación para la Gestión del Fondo de Apoyo a la Acogida y la Integración de Inmigrantes” documento onde se establecen os eixos e liñas de actuación que permitan dar cumprimento ao fin establecido no convenio de referencia, configurado como a promoción da acollida, integración e reforzo educativo das persoas inmigrantes.*

*VII.- Que, segundo se establece na orde da Consellería de Economía e Facenda de 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes de 27 de novembro de 2000 e de 25 de outubro de 2001, os expedientes de gasto imputables aos capítulos II, IV, VI e VII dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma poderán iniciarse, sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas, no exercizo inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos que vaian imputarse os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no Proxecto dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta, que corresponda ao exercizo orzamentario no que se vai a materializar a contraprestación*

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

#### ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para o desenvolvemento de actuacións de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral, con suxeición ás seguintes

#### CLÁUSULAS

##### PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a colaboración para o desenvolvemento no Concello de Vigo dun programa integral de atención, orientación e asesoramento a inmigrantes e emigrantes retornados neste Concello, coa finalidade de facilitar a integración social deste colectivo.

##### SEGUNDA.- Contido do programa e actuacións a desenvolver.

O Programa, que está dirixido a inmigrantes e emigrantes retornados, consistirá no funcionamento dunha unidade de información, orientación e asesoramento xurídico e socio-laboral por parte do Concello que desenvolverá as seguintes actuacións:

- *Informar a estes colectivos sobre a súa situación xurídica e trámites administrativos a realizar dada a súa condición de inmigrante ou emigrante retornado. Neste sentido, asesorará na tramitación de permisos de residencia, traballo, visados, adquisición de nacionalidade, agrupamento familiar, e calquera outros trámites administrativos que este colectivo precise, así como sobre as posibles prestacións sociais, educativas ou sanitarias ás que tivesen dereito.*
- *Facilitar todo tipo de información acerca de programas formativos e de orientación e inserción laboral e outras axudas ás que poidan ter acceso e que faciliten a súa inserción no mercado laboral.*
- *Promover a incorporación dos inmigrantes ás redes sociais e á vida comunitaria, incluso a través de intervencións individuais e familiares.*

##### TERCEIRA.- Orzamento

Para a desenvolvemento das actuacións sinaladas na cláusula anterior a Secretaría Xeral de Emigración achegará, dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2007, a cantidade de OITENTA MIL DOUSCENTOS CORENTA E OITO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (80.248,50 €). Esta achega farase con cargo á aplicación orzamentaria 2007.04.50.312C.460.0 (código proxecto 2007-00029), que se inclúe no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

As achegas feitas pola Secretaría Xeral de Emigración serán destinadas a sufragar os gastos do persoal necesario para o funcionamento da oficina sinalada na cláusula anterior, persoal da oficina entre o que deberá figurar, en calquera caso, un licenciado en dereito especializado nas áreas de estranxeiría e emigración.

##### CUARTA.- Forma de pagamento



*A Secretaría Xeral de Emigración realizará os pagamentos contra certificación expedida polo órgano que teña atribuídas as correspondentes facultades de control no Concello, previa conformidade do secretario xeral de Emigración.*

*De conformidade co artigo 16º.2 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán efectuarse pagos parciais que se xustificarán do xeito previsto anteriormente, segundo as limitacións e requisitos establecidos no citado decreto.*

*Procederase ao reintegro, total ou parcial, da cantidade percibida cos xuros de mora rendados dende o momento do seu pagamento nos casos sinalados no artigo 78-10º do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.*

*O Concello someterase á normativa vixente en materia de subvencións, constituída pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo así como polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e as normas de desenvolvemento destas que sexan de aplicación.*

#### *QUINTA.- Modificación do Convenio.*

*Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.*

*Ao abeiro do artigo 78.9 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o Concello obrígase a presentar unha declaración de axudas ou subvencións concedidas para o mesmo fin que o estipulado neste convenio.*

*A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade a desenvolver.*

#### *SEXTA.- Comisión de Seguimento*

*Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.*

*Esta comisión estará composta en representación da Secretaría Xeral de Emigración polo secretario xeral de Emigración, quen poderá delegar no funcionario da mesma unidade que estime oportuno, e polo alcalde do Concello, o seu representante legal ou persoa da entidade na que delegue.*

*A comisión terá as seguintes funcións:*

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.*
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.*

*SÉTIMA.- Causas de resolución.*

*Sen prexuízo das causas xerais establecidas no artigo 78.10 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, tamén serán causa de resolución do presente convenio e darán lugar, de ser o caso, ó reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes intereses, as seguintes:*

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.*
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.*
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.*

*OITAVA.- Publicidade, seguimento e colaboración.*

*O Concello obrígase a:*

- a) Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice no desenvolvemento deste programa, a participación e colaboración da Secretaría Xeral de Emigración. Así mesmo, consonte ao establecido no punto VI da parte expositiva do convenio, naquelas actuacións dirixidas á poboación inmigrante extracomunitaria deberase facer constar a participación e colaboración do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o seu correspondente logotipo.*
- b) Remitir semestralmente á Secretaría Xeral de Emigración un informe detallado das actuacións levadas a cabo ao abeiro deste convenio.*
- c) Facilitar a actuación dos técnicos da Secretaría Xeral de Emigración no referente ao seguimento das actividades obxecto da axuda.*
- d) Ter informada á Secretaría Xeral de Emigración do desenvolvemento das actividades subvencionadas, así como do lugar e horario de realización das mesmas.*
- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Secretaría Xeral de Emigración, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.*
- f) Participar nas accións formativas e divulgativas que dende a Secretaría Xeral de Emigración se organicen en materia de inmigración e retorno e que vaian en beneficio do traballo a desenvolver.*

*2.- A entidade beneficiaria presta o seu consentimento para incluír e facer públicos, no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e no rexistro público de sancións, creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.*

*Os datos referidos integrarán un ficheiro cuxo responsable será a Consellería de Economía e Facenda, ante quen se poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.*

*Salvo nos casos sinalados no artigo 9.4. do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a non autorización da obtención de datos ou a súa publicidade, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, se procede, ao reintegro do importe concedido.*

*De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Secretaría Xeral de Emigración publicará na súa páxina web galiciaaberta.com a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que, a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.*

*NOVENA.- Relación laboral.*

*A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Secretaría Xeral de Emigración, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir á mencionada secretaría responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria.*

*A Secretaría Xeral de Emigración poderá comprobar en todo momento o cumprimento por parte do Concello das obrigas laborais e de aseguramento do persoal destinado a executar os servizos obxecto deste convenio.*

*DECIMA.- Réxime xurídico.*

*O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 3 da Lei de contratos e administracións públicas e demais normativa de aplicación en materia de contratos.*

*En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desestimento pola outra parte procederase á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos esta entidade reintegrará ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas, cos xuros a que dean lugar de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma dispuxese.*

*As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente pola Administración autonómica, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula sexta, contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderanse interpor os oportunos recursos contencioso-administrativos perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

*DÉCIMO PRIMEIRA.- Duración.*

*O presente convenio terá os seus efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2007.*

*As accións englobadas no presente convenio que o Concello realizase dende o 1 de xaneiro do ano 2007, tamén se poderán subvencionar ao abeiro do mesmo coas achegas feitas pola Secretaría Xeral de Emigración.*

*E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados na cabeceira.*

**48(1845).- SUBVENCIÓN Á “CASA DE REPOSO NUESTRA SEÑORA DE LA SALUD DE LOS HEMANOS DE LOS ENFERMOS POBRES”. EXPTE. 3649/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 1.12.06, o documento contable RC acreditando a existencia de crédito suficiente para o gasto que se pretende realizar e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 24.11.06, conformado polo concelleiro delegado de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder, ó abeiro do art.22.2.c) da Lei 38/2003, ó instituto de vida relixiosa “Pía Unión de Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres” unha subvención por unha contía de 6.000 .-€ en concepto de axuda para os gastos de acollida do colectivo de mulleres sen recursos na casa de reposo “Nuestra Señora de la Salud” dependente da pía unión mentada, para o ano 2006, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias) ou no seu defecto con cargo a bolsa xurídica de vinculación.

**49(1846).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN DA PRENSA DE VIGO PARA OS GASTOS DA CAMPAÑA CULTURAL DO ANO EN CURSO. EXPTE. 3651/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.12.06, o documento contable AD e de acordo co informe-proposta do xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 12.12.06, conformado polo concelleiro delegado de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder, ó abeiro do art.22.2.c) da Lei 38/2003, á Asociación da Prensa unha subvención por unha contía de 4.000.-€ en concepto de axuda para o desenvolvemento de actividades socioculturais desta Asociación, e isto con cargo á partida 1110 4890004 (Subvencións de carácter cultural) ou no seu defecto con cargo á bolsa xurídica de vinculación.

Serán de aplicación á subvención as normas da Lei Xeral de Subvencións sobre obrigas da beneficiaria consignadas no artigo 14.1 LXS; xustificación da consecución dos obxectivos propostos coa subvención; causas de invalidez do acordo de concesión (artigo 36 LXS); causas e réxime de reintegro da subvención (artigo 37 LXS); réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira LXS, no non previsto no acordo de concesión, as demais normas da Lei Xeral de Subvencións, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**50(1847).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO-PROXECTO HOME PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN, REHABILITAICÓN, REINSERCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL. EXPTE. 3698/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.12.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 15.12.06, conformado pola Exma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do Convenio que de seguido se transcribe, entre este Excmo. Concello e a Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home para o desenvolvemento de actividades de reinserción, rehabilitación e promoción social, a medio dunha subvención por unha contía de 12.000.-€ , e isto con cargo á P. 111.0.489.00.02, “Subvencións por razóns humanitarias”, correspondente ó orzamento prorrogado actualmente en vigor.

Serán de aplicación á subvención as normas da Lei Xeral de Subvencións sobre obrigas da beneficiaria consignadas no artigo 14.1 LXS; xustificación da consecución dos obxectivos propostos coa subvención; causas de invalidez do acordo de concesión (artigo 36 LXS); causas e réxime de reintegro da subvención (artigo 37 LXS); réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa Disposición Final Primeira LXS, no non previsto no acordo de concesión, as demais normas da Lei Xeral de Subvencións, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN MONTE DO GOZO-PROXECTO HOME GALICIA, PARA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DE PROMOCIÓN E REINSERCIÓN SOCIAL*

No Excmo. Concello de Vigo a                      de decembro de 2006

*REUNIDOS*

*Dunha parte a Alcaldesa de Vigo, D<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, con DNI 32.610.818-S, que actúa en nome e representación desta Corporación, en virtude das competencias que lle son recoñecidas polo artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, polo artigo 124.1 da Lei 5712003, do 16 de decembro de medidas para a modernización do goberno local, e polo artigo 61 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.*

*Da outra don Ramón Gómez Crespo, con DNI 34.608.912-F, que intervén neste acto en nome e representación da "Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home Galicia" con número de identificación social G-15258213 e domicilio social na rúa Campillo de San Francisco, no 5 (Edificio San Martín Pinario) código postal 15705, en Santiago de Compostela, como entidade sen ánimo de lucro (ONG) constituída no ano 1990 ao abeiro da lexislación, actuando como presidente do padroado e conforme as competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 16 dos estatutos da Fundación.*

*Ambas as dúas partes no nome e representación que exercen e coa capacidade legal para este acto*

O Concello de Vigo vén desenvolvendo, consonte a Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a súa competencia de obrigado exercicio respecto á prestación de servizos sociais de promoción e reinserción social.

É prestación básica dos servizos sociais, entre outras, a animación, prevención e cooperación social, que teñen por obxecto potenciar a participación de persoas e grupos na vida comunitaria, fomentando a iniciativa social, a solidariedade, o asociacionismo e o voluntariado, así como favorecer a toma de conciencia da cidadanía sobre os seus problemas e poñer en marcha mecanismos que fagan posíbel a participación destes na busca de solucións e na xestión dos servizos e actividades que se demanden.

Segundo.

En resposta ao artigo 9.2 da Constitución, en defensa dos dereitos e promoción dos intereses sociais, o Concello de Vigo vén promovendo as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan reais e efectivas, así como a remoción dos obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude, facilitando a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social. Con este referente, que é coincidente coa propia filosofía dos servizos sociais, entendidos estes como instrumento da política social, no ánimo de acadar a xustiza e a calidade de vida dos individuos e grupos, pola vía da promoción da participación, nun trato de igualdade e non exento de consideración ás peculiaridades dos diferentes colectivos e grupos, o Concello de Vigo desenvolve, no ámbito das súas competencias, programas e actuacións co fin de garantir a calidade de vida e unha orde social máis xusta e solidaria.

Terceiro.

A Fundación Monte do Gozo- Proxecto Home Galicia, configúrase como unha organización non Gubernamental (ONG) ao abeiro da Lei orgánica 50/2002, do 26 de decembro, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

A Fundación Monte do Gozo - Proxecto Home Galicia está a desenvolver actividades de reinserción, rehabilitación, promoción social e desenvolvemento comunitario, encamiñadas basicamente a ofrecer un servizo ós toxicómanos e as súas familias e a sociedade en xeral.

Cuarto.

A Fundación ten como fin xeral, segundo os seus estatutos (adaptados á Lei orgánica 50/2002 de 26 de decembro, reguladora do dereito de fundación) o seguinte:

- ✘ A atención integral dos mozos marxinados ou en estado de necesidade e, de maneira particular, dos drogadicctos.

Para a consecución deste fin, a Fundación orientará a súa actividade ao logro dos seguintes propósitos, segundo os seus estatutos:

- Facer nacer no toxicómano a motivación de sentirse implicado no seu proceso, sendo capaz de asumir con responsabilidade todas as consecuencias de selección da droga, que el mesmo sexa o protagonista da súa vida.
- Restablecer no xove, que viviu a experiencia da toxicomanía, a confianza en si mesmo e nos demais, a capacidade de autocontrol, a solidariedade e unha proxección positiva cara o futuro.

- *Crecedemento consciente na súa totalidade, en especial en canto ó destinatario específico do programa, pero tamén cara o ambiente que lle rodea: familia, amigos, operadores, etc.*

*Proxecto Home Galicia para a consecución dos seus obxectivos, desenvolve distintos programas e actividades:*

- ✗ *Programa de rehabilitación e reinserción social para persoas adictas a opiáceos(Programa Base)*
- ✗ *Programa de rehabilitación e reinserción social para persoas adictas a psicoestimulantes (Cocaína e outras drogas)*
- ✗ *Programa de rehabilitación e reinserción social para persoas alcohólicas*
- ✗ *Programa educativo para xoves e adolescentes*
- ✗ *Programa de Acolida Directa*
- ✗ *Comunidade Terapéutica Intrapenitenciaria*
- ✗ *Programa de Adicción Comportamentais*
- ✗ *Programa de rehabilitación e reinserción social de persoas con adicción ó xogo*
- ✗ *Programa "Acougo" para toxicómanos diagnosticados con Patoloxía Dual e/ou deterioro cognitivo severo*
- ✗ *Programa de prevención escolar denominado "Entre Todos"*
- ✗ *Programas e servizos Transversais:*
  - *Terapia familiar*
  - *Programa Cultural - Formativo*
  - *Programa de Formación Ocupacional*
  - *Servizo médico*
  - *Servizo xurídico*
  - *Servizo de Traballo Social*
  - *Centro de Estudos*
  - ✗ *Outros servizos*
  - *Pisos de Apoio para persoas sen acompañamento familiar.*

*Quinto.*

*O Concello de Vigo e Fundación Monte do Gozo - Proxecto Home Galicia, en consonancia coa filosofía da diversidade, da igualdade social e da integración, teñen o propósito e dar estabilidade á colaboración que se vén producindo de xeito continuado entre ambas as dúas entidades, dado que a complexidade dos problemas sociais require da implicación de distintos colectivos no camiño de conseguir a xustiza e a igualdade social.*

*Co obxecto de facer realidade e pór en práctica os obxectivos expostos, as partes comparecentes acordan subscribir, un convenio de colaboración de acordo coas seguintes*

## *CLÁUSULAS*

### *PRIMEIRA. Obxecto*

*Este convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre as partes asinantes para o desenvolvemento dos seguintes programas e actividades en Vigo:*

- ✘ Programa de rehabilitación e inserción social para persoas adictas a opiáceos (Programa Base)
- ✘ Programa de rehabilitación e inserción social para persoas adictas a psicoestimulantes (Cocaína e outras drogas)
- ✘ Programa de Prevención escolar "Entre Todos"
- ✘ Programas e servizos transversais
  - Terapia familiar
  - Programa Cultural - Formativo
  - Programa de Formación Ocupacional
  - Servizo médico
  - Servizo xurídico
  - Servizo de Traballo Social
  - Centro de Estudos
- ✘ Outros servizos
  - Pisos de Apoio para persoas sen acompañamento familiar.

## SEGUNDA. Contido

*Programa de rehabilitación e inserción social para persoas adictas a opiáceos (Programa Base): Este tratamento está dirixido a toxicómanos policonsumidores (non alcohólicos), cun perfil toxicolóxico, e psicosocial básico, caracterizado este último, por grandes carencias a nivel persoal, familiar, cultural -educativo e social. Este programa consta de tres fases:*

1. Acolida (Centro de Día)
2. Comunidade Terapéutica
3. Reinserción Social

*Programa de rehabilitación e inserción social para persoas adictas a psicoestimulantes (Cocaína e outras drogas): En liñas xerais, este tratamento, está dirixido a aquelas persoas consumidoras fundamentalmente de cocaína, que manteñen a súa estrutura familiar, social e laboral, ou é susceptible de recuperar esas redes sen demasiadas complicacións e cun nivel de adicción que poida permitir a ruptura co mundo das drogas dentro dunha nova perspectiva de acceso ó traballo e de responsabilización da súa vida dende o primeiro momento.*

*Programa de Prevención escolar "Entre Todos": Destinado a escolares de 1º, 2º e 3º de ESO, e que implica no proceso de prevención a alumnos, pais e profesores.*

*Realízase en paralelo o curso escolar, tratando un total de 9 unidades didácticas (21 sesións e 64 actividades). Tamén se realizan grupos mixtos entre profesores, alumnos e pais.*

*Programas e servizos transversais:*

*Terapia familiar: Un dos pilares básicos para a rehabilitación do toxicómano é a familia. Para iso debe de estar presente desde o primeiro momento para que poda asumir cada membro da familia que participa no proceso rehabilitador do usuario o rol que lle corresponde no entorno familiar, positivo ou ben carezan del.*

*Programa Cultural - Formativo: co fin de acadar unha educación no tempo de lecer que se converte nun factor decisivo no proceso de inserción social. É un proxecto que se desenvolve de forma continúa ó longo do ano, como complemento ás actividades terapéuticas propiamente ditas.*

*Programa de Formación Ocupacional: trata de establecer un adecuado proxecto de inserción capaz de acadar a implantación activa dos beneficiarios, así como a participación ou colaboración de outros actores sociais e económicos, e por tanto, facilitar as actuacións ou medidas precisas para que este*



colectivo de ex – toxicómanos mellore as súas posibilidades de acceso ó emprego e non vexan truncadas as súas posibilidades de rehabilitación e inserción socio - laboral.

*Servizo médico:* orientado cara a responsabilidade individual no seu estado de saúde, polo tanto se remarcan os obxectivos indicadas en cada caso, medidas de prevención xeral e coidado individual, así como coherencia no seguimento terapéutico.

*Servizo xurídico:* Se desenvolve o traballo en dous ámbitos: por un lado facer un seguimento da situación penitenciaria das persoas que se atopan en tratamento, e ademais facer un traballo nos centros penitenciarios destinados á realización de Programas de motivación para a derivación, coa finalidade de que internos destes centros sexan excarcerados para o inicio do programa.

*Servizo de Traballo Social:* Preténdese a orientación e asesoramento do residente e a súa familia para que poidan atopar a solución ás súas carencias sociais, potenciando as súas iniciativas e recursos persoais.

*Centro de Estudos:* a través deste programa realízanse actividades complementarias ó área terapéutica.

*Outros servizos*

1. *Pisos de Apoio para persoas sen acompañamento familiar:* Pisos destinados a aqueles usuarios que carecen dun entorno familiar, ou este non é apto para a realización doseguimento do usuario.

#### *TERCEIRA. Contía da axuda*

*Para a realización das actividades obxecto deste convenio, o Concello de Vigo con cargo os seus Orzamentos Xerais Anuais correspondentes a cada exercicio económico aportará as cantidades que neles se dispoña nominativamente. En concreto para o presente exercicio económico, o Concello achegará á Fundación a cantidade de DOCE MIL EUROS (12.000.-); P. 111.0.489.00.02; Subvencións por Razóns Humanitarias.*

#### *CUARTA. Forma de Pagamento*

*O pagamento realizarase consonte o disposto nas Bases de execución do orzamento prorrogado do Concello de Vigo e na Lei 38/2003 xeral de subvencións.*

*O pago realizarase previa xustificación:*

2. *Dos gastos realizados correspondentes a cada exercicio económico para o cal se destina a partida orzamentaria asignada e do cumprimento da finalidade para a que é concedida a axuda, así como da aplicación dos fondos destinados para este efecto.*
3. *A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando:*
4. *A correspondente memoria e documentación que acredite a realización do obxecto do convenio (antes do 15 de novembro de cada exercicio).*
5. *Declaración de ter cumprido o obxecto do convenio.*
6. *Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutros axentes para idéntica finalidade.*
7. *Facturas orixinais de gasto ou os demais documentos de valor probatorio equivalente, ou as súas fotocopias debidamente compulsadas, que serán obxecto dunha validación e selado de xeito que permitan o control da concorrencia de subvencións (artigo 30.3 parágrafo 30 Lei 38/03 xeral de subvencións)*
8. *Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.*
9. *Certificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa seguridade social.*
10. *No suposto de que as actividades fosen financiadas, ademais de por este convenio, con fondos propios, outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. En ningún caso, a contía do convenio, só ou en concorrencia con outras subvencións, axudas doutras administracións, entes públicos ou privados, poderá superar a totalidade do custo da actividade que vai desenvolver a Fundación.*

11. *Datos bancarios relativos á entidade, número de conta e titular, que permitan facer efectivo o importe da subvención mediante transferencia no impreso selado pola entidade financeira.*

*Se, para realizar o obxecto deste convenio, a Fundación obtivese subvencións doutras entidades públicas ou privadas que, en concorrencia coa concedida superase o total do custo da actividade, minorarase a achega do Concello de Vigo e procederase ao reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada, así como dos xuros de mora correspondentes.*

*Considerarase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.*

*Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social. Así mesmo, a Fundación porá ao dispor do Concello de Vigo cantos datos lle sexan requiridos respecto ao desenvolvemento do devandito programa.*

*En todo caso, as achegas das anualidades correspondentes á vixencia deste convenio quedan supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente, dando cumprimento os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de eficiencia e utilización dos recursos públicos.*

#### *QUINTA. Obrigas do beneficiario*

*Con suxeición aos termos deste convenio, en cumprimento do establecido na Lei 3812003, do 27 de novembro, xeral de subvencións e nas bases de execución orzamentaria do Concello de Vigo, a Fundación asinante ten entre as súas obrigas as seguintes:*

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.*
- b) Xustificar ante o Concello de Vigo o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.*
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que serán efectuadas polo Concello de Vigo, así como a calquera outra que, con esta finalidade, ou coa do control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.*
- d) Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas por este convenio. Esta comunicación deberá efectualala a Fundación en canto coñeza esta circunstancia e, en todo caso, con anterioridade á justificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- e) Acreditar, antes de que sexa ditada a proposta de resolución da concesión, que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.*
- f) Dispoñer dos libros contábeis, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente revisados por unha auditoría nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicábel á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contábeis e rexistros específicos sexan esixidos para garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.*
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.*
- h) A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento dos programas e actividades obxecto do presente convenio. Para este efecto, na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Vigo.*
- i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados legalmente.*

#### *SÉXTA. Protección de datos*

*As actuacións en materia de cesión de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de regulamentación do tratamento automatizado dos datos de carácter persoal.*

*SÉTIMA. Seguimento e avaliación*

*Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para este fin por parte das dúas institucións (persoal técnico da Concellaría de Benestar Social e Alcaldía e da Fundación). Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados.*

*OITAVA. Causas de resolución*

*Son causas de resolución deste convenio, e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de mora que se xeraran desde o momento do seu pagamento, de acordo coa lexislación vixente, as seguintes:*

- 1. A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada deste convenio.*
- 2. O incumprimento da obriga de xustificación do gasto realizado.*
- 3. O incumprimento das condicións impostas á entidade beneficiaria da axuda.*
- 4. O incumprimento de calquera outra cláusula establecida no convenio.*

*NOVENA. Duración do convenio*

*A vixencia deste convenio prevese para o ano 2.006. Non obstante, poderase prorrogar, por acordo expreso, por igual período de tempo, de conformidade co disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións (artigo 16).*

*En todo caso, calquera das partes poderá denunciálo comunicándoo por escrito á outra parte con dous meses de antelación, a data en que se pretenda dar por finalizada a colaboración.*

*DÉCIMA. Carácter do convenio*

*Este convenio ten carácter administrativo, e os seus efectos rexeranse polas cláusulas establecidas nel, e no non previsto, pola Lexislación de réxime local aplicábel ao caso así como pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.*

*Non obstante, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio poderán impugnarse na xurisdicción contencioso-administrativa, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdicción.*

*En proba de conformidade, as dúas partes asinan este convenio por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.*

**51(1848).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E “FARO DE VIGO SAU” DE PATROCINIO DA HISTORIA DE VIGO E CESIÓN DE FONDOS HEMEROGRÁFICOS. EXPTE. 3551/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 17.11.06, do 30.11.06 e do 11.12.06, o informe de fiscalización do 21.12.06 e de acordo co informe-proposta do xefe

de Protocolo e Relacións Públicas, do 25.12.06, conformado pola Excma. Alcaldesa, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e “Faro de Vigo S.A.U.” que de seguido se transcribe.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E "FARO DE VIGO, S.A.U." DE PATROCINIO HISTORIA DE VIGO E CESIÓN FONDOS HEMEROGRÁFICOS*

*En Vigo, a            de            de dous mil seis.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, a Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, alcaldesa-presidenta do Concello de Vigo.*

*Doutra parte, D. Jaime Abella Fernández, con NIF. 32.785.156 J, no nome e representación de "Faro de Vigo, S.A.U.", con poder suficiente outorgado ante a Notario María Isabel Gabarró Miquel, en Barcelona con data 13 de febreiro de 2006, baixo o número 375 do seu protocolo.*

*EXPOÑEN*

*Que o Concello de Vigo, ten gran interés na conservación e expansión da historia antiga e próxima da cidade. Faro de Vigo ten o proxecto de publicar a historia de Vigo en fascículos para facilitar o seu coñecemento á cidadanía.*

*Doutro xeito, o Concello de Vigo está interesado tamén na cesión por parte de Faro de Vigo das edicións dixitalizadas do diario dos anos 2000, 2001 e 2002, con destino ó Arquivo Municipal, e para o seu uso pola cidadanía.*

*Por todo isto, conveñen asinar convenio de colaboración de conformidade coas seguintes:*

*CLÁUSULAS*

*Primeira.- Este convenio ten por obxecto o patrocinio por parte deste Concello da historia da cidade de Vigo, a editar en fascículos por "Faro de Vigo, S.A.U.", e a cesión por parte da devandita empresa das edicións dixitalizadas do diario Faro de Vigo dos anos 2000, 2001 e 2002, xa que logo, o Concello xa dispón das anteriores edicións dixitalizadas do xornal vigués, en base a un convenio anterior.*

*Segunda.- O Faro de Vigo dispón dos fondos hemerográficos dixitalizados do xornal "Faro de Vigo", dos anos 2.000, 2.001 e 2.002.*

*Terceira.- O Faro de Vigo obrígase:*

- A ceder gratuitamente ó Concello de Vigo para o Arquivo Municipal as devanditas edicións dixitalizadas do diario.*

- *A realizar o guión, textos, maquetación e fotografía dos fascículos da historia de Vigo, de xeito que facilite a súa lectura e sirva de referencia ós cidadáns.*
- *A levar a cabo a oportuna campaña publicitaria de lanzamento no propio diario, en radio e outros medios de comunicación.*
- *A situar o logo do Concello de Vigo como patrocinador, tanto na campaña de lanzamento coma nas tapas do libro en lugar destacable.*
- *A publicar os fascículos dende o vindeiro mes de novembro de 2006 ata rematar as entregas no mes de maio de 2007.*
- *A cumprir as obrigas contidas no art.14.1da Lei 38/3 Xeral de Subvencións.*

*Cuarta.- O Faro de Vigo poderá concertar con terceiros a execución das actividades obxecto desta subvención, coma maquetación, fotografía e confección de textos, xustificando debidamente no prazo de tres meses dende a finalización do prazo da actividade subvencionada o cumprimento das condicións impostas, exceptuando a publicación da "Historia de Vigo en Fascículos", obxecto deste Convenio.*

*Quinta.- O Concello de Vigo aportará a este convenio de colaboración á cantidade de 90.000 euros, con cargo á partida orzamentaria 111.1.226.02.03, "Vigo 2005-2007", do prosuposto prorrogado en vigor. O pagamento desta cantidade realizarase mediante transferencia bancaria á conta número 0097-8901-82-0602034200 de BANCO DE GALICIA.*

*Sexta.- O pagamento expresado na cláusula anterior farase en dúas partes. A primeira, de 45.000 euros, realizarase trala firma deste convenio. A segunda, dos 45.000 euros restantes, ó remate da entrega dos fascículos.*

*Séptima.- Ó remate da publicación dos fascículos da Historia de Vigo, e co gallo de facer efectiva a segunda parte do aboamento deste Convenio, deberase xuntar a oportuna certificación de cumprimento, que deberá ser asinada por o técnico de Protocolo e RR.PP. da Alcaldía, que efectuará, así mesmo, o control do desenvolvemento do convenio.*

*Oitava.- O Concello de Vigo queda facultado para solucionar as controversias derivadas da interpretación, aplicación e execución deste convenio, así como para toma-las iniciativas que conduzan ó seu cumprimento.*

*Novena.- A vixencia deste convenio de colaboración rematará o vindeiro mes de xuño de 2007.*

*Décima.- Serán de aplicación ó presente Convenio as normas da Lei Xeral de Subvencións sobre causas de invalidez do convenio (art.36 LXS), causas e réxime de reintegro das subvencións (art.37 LXS), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións, e en xeral, con carácter pleno ou supletorio, de acordo coa disposición final primeira LXS, no non previsto no convenio, as demais normas da Lei Xeral de Subvencións, as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRBRL para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.*

*En proba de todo o acordado, asínase este convenio de colaboración por duplicado exemplar no lugar e data indicados.*

**52(1849).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN INTERNACIONAL SOLIDARIA COMPAÑÍA DE MARÍA PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA PLATAFORMA EDUCATIVA NO BARRIO DE SELEMBAO EN KINSHASA (CONGO). EXPTE. 3331/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.08.06 e do 17.11.06, o informe de fiscalización do 11.12.06 e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral de Alcaldía, do 18.07.06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder á Fundación Internacional Solidaria Compañía de María, unha subvención por un importe de 6.000 euros, con cargo á partida 111.0.489.00.03 do orzamento vixente, e isto con destino á creación dunha plataforma educativa no barrio de Selembao en Kinshasa (R.D. de El Congo), que acollería a nenas e nenos do barrio en número de 1.400, de diferentes idades.

**53(1850).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DO IMD DE VIGO RELATIVO A GASTOS DERIVADOS A UTILIZACIÓN DAS SÚAS INSTALACIÓNS DURANTE O PERÍODO 1999-2005. EXPTE. 18951/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 21.12.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Benestar Social, do 22.12.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar as actuacións e o gasto realizado de conformidade coa Base 28 das de execución orzamentaria para o exercicio 2006, por un importe total de 178.219,86 euros a favor do INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO (IMD). NIF G-36.737.963.

2º.- Recoñecer a obriga a favor do INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO (IMD). NIF G-36.737.96, por importe total de 178.219,86 euros .

3º.- Dispoñer o gasto a favor de INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO (IMD). NIF G-36.737.96, por importe total de 178.219,86 euros .

**54(1851).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez hora de dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molaes Pérez.